


elas deciden 2023 avaliación

CORPO,
TERRITORIO
E PAZ



arabías

arabías s.coop.galega

elas deciden e arabías	2
esta avaliación	3
o proceso	4
o elas deciden é	6
o deseño da intervención	6
as persoas que habitaron o elas deciden	7
o que pasou no elas deciden	10
resultados da avaliación	15
r1.1 [garantía de vida para o elas deciden]	15
r1.2 [corpo]	23
r1.3 [territorio]	37
r1.4 [paz]	48
obxectivo específico	58
a modo de peche	64
sobre o garante da vida	64
sobre os fíos do corpo, o territorio e a paz	66
sobre as actividades do elas deciden	68
sobre o propósito do elas deciden	70
anexo I	72
anexo II	83
anexo III	85

elas deciden e arabías

Este é o noso terceiro proceso de acompañamento ao *elas deciden*, un proxecto que vimos nacer cando era só unha semente, que axudamos a coidar cando buscaba converterse en planta e enraizarse na terra e que agora se presenta de novo con moito corpo sobre a terra e fiando para os camiños da paz.



esta avaliación

A razón de ser de calquera avaliación é analizar e estudar o que aconteceu, para así identificar os puntos fortes e febles que nos axuden a redefinir o futuro. Desta maneira, ofrece a valoración ou medición de todos os indicadores contemplados na liña de base e posibilita un deseño acaído do futuro do Elas Deciden.

Para poder facelo, desde arabías apostamos por un estudo multicompoñente, que nos permita ter unha visión completa da situación antes de comezar esta nova andaina.

_ **O compoñente cuantitativo** permítenos entender “que”, “onde” e “cando”, establecendo unha medición a través de indicadores específicos.

_ **O compoñente cualitativo** permítenos comprender o “por que” e o “como”, recompilando información das poboacións que son parte do proxecto desde a súa propia perspectiva o que axuda a debuxar un contexto moito máis forte.

Así, esta **avaliación** do **elas deciden**:

▼ O elas deciden é

Recolle os aspectos máis relevantes do proxecto e que son a base do mesmo.

Sintetiza de forma gráfica as accións desenvolvidas ao longo da execución do proxecto.

Nomea a todas as persoa e colectivos que foron parte do proxecto.

▼ Resultados da avaliación

Presenta os resultados da avaliación que se deducen do traballo de campo realizado.

Estes resultados parten do obxectivo específico e toman forma a través dos catro resultados que vertebran o proxecto. En cada un deles, contrapoñemos o que se planificou e o que se fixo no **elas deciden**, realizando unha revisión metodolóxica que produce resultados sobre o sistema de indicadores e que actualiza a información sobre a poboación diana do proxecto.

▼ Cara a onde camiñar

Expoñemos as maiores conclusións ás que chegamos coa avaliación.

▼ A modo de peche

Recolle unha serie de recomendacións que consideramos importantes para definir camiños futuros para o **elas deciden**.

o proceso

que e para que?

Esta avaliación final aporta información que permite medir o desenvolvemento do proxecto e comparar a situación antes e despois da execución das actividades do *elas deciden*, axudando a comprender mellor as contribucións e a efectividade deste proxecto.

Este informe avaliativo conta con varios propósitos ou obxectivos:

- ↓ Analizar a pertinencia do proxecto en relación ás necesidades do contexto.
- ↓ Complementar o procedemento de seguimento do proxecto cunha visión externa durante a execución das accións.
- ↓ Valorar o grado de cumprimento do obxectivo específico e dos resultados (segundo os indicadores e cronograma programados na matriz de planificación do proxecto e segundo a liña de base prevista no marco do proxecto).
- ↓ Avaliar o grado de satisfacción e cumprimento de expectativas das persoas participantes.
- ↓ Valorar a capacidade de xestión de ACPP en relación ao proxecto.
- ↓ Estimar e analizar os principais logros e debilidades do proxecto.
- ↓ Identificar retos para transformalos en liñas de acción que alimenten o futuro *Elas deciden*.

como?

A metodoloxía utilizada parte da investigación cun enfoque cuantitativo e cualitativo, en tanto que combinamos unhas técnicas e outras co obxectivo de crear espazos de reflexión que faciliten a futura transformación social.

As fases deste proceso foron:



o elas deciden é

Este *elas deciden* vén precedido por dúas edicións anteriores (2020 e 2021):

- ↓ *elas deciden* de 2020: esta foi a primeira edición do proxecto, que contaba cun forte compoñente de incidencia política e social e creación de sinerxías entre o Norte e o Sur Global. O marco xeral desta aposta centrouse na creación de ferramentas para traballar a prol dos dereitos sexuais e reprodutivos dende os feminismos.
- ↓ *elas deciden* de 2021: esta foi a segunda edición do proxecto, que deu continuidade á anterior. A temática vertebradora do mesmo foi o activismo feminista que posibilitou seguir tirando do fío das actividades previstas na anterior edición a prol dos dereitos sexuais e reprodutivos.

Este *elas deciden* constrúese a partir de tres fíos condutores dos que se vai tirando: o corpo, o territorio e a paz.

O obxectivo xeral deste *elas deciden* era o de contribuír ao coñecemento e sensibilización sobre o papel dos movementos feministas na consecución da equidade de xénero no marco da Axenda 2030 (ODS5).

Do nomeado propósito nace o seguinte obxectivo específico:

Promover a equidade de xénero facilitando espazos de reflexión crítica e aprendizaxes significativas para imaxinar e construír colectivamente alternativas de xustiza social.

o deseño da intervención

Este *elas deciden* artéllase sobre varios resultados que tiran dos fíos centrais do proxecto: **CORPO, TERRITORIO e PAZ**. Estes elementos están atravesados de maneira transversal pola comunicación e a coordinación.

Comézase cun resultado transversal que facilita **accións que garantan a VIDA** do proxecto:

- ↓ Resultado 1.1. Fomentada a coordinación e análise do proxecto de cara a súa visibilidade e sustentabilidade.

O segundo resultado tira do fío do **CORPO**

- ↓ Resultado 1.2. Xerados espazos de reflexión crítica e aprendizaxes significativas a través de metodoloxías transformadoras asociadas a procesos de cambio persoal.

O corpo como territorio é un concepto traballado desde a socioloxía e feminismo de América Latina e o Caribe que transcende da adscrición persoal do concepto para outorgarlle unha dimensión política que aposta pola relación co propio corpo e o coidado propio, como un lugar non só de resistencias ante as violencias senón tamén de desfrute.

O terceiro resultado tira do fío do **TERRITORIO**

- ↓ Resultado 1.3. Visibilizado e promovido a conciencia social sobre o rol das mulleres en procesos de co-produción e gobernanza.

“A apropiación dos territorios supón tamén a posesión violenta dos corpos das mulleres”, asegura Rita Segato (2004). Así pois, desde unha visión comunitaria, a defensa do territorio implica recoñecerse dentro dunha comunidade e ante unha ameaza coidar do territorio sobre o cal somos responsables, especialmente o noso corpo e a súa extensión inmediata.

O cuarto resultado tira do fío da **PAZ**

- ↓ Resultado 1.4. Fomentado o intercambio de experiencias e capacidades como medio para o aumento do compromiso social e institucional coa equidade de xénero e a transformación social.

Aínda en sociedades en paz política, continúaase a exercer violencia e control sobre os corpos das persoas socializadas como mulleres; unha agresión que responde aos modelos culturais patriarcais e extractivistas e que impide falar de paz no seu concepto máis amplo.

as persoas que habitaron o elas deciden

O Elas deciden é un proxecto liderado por ACPD que conta con varias ramas. Cada unha desas ramas, conta co apoio de persoas e colectivos diversos.

equipo de ACPG Galicia

Ao igual que noutras edicións do elas deciden, tamén nesta o equipo de ACPG Galicia responsable do proxecto xoga un papel fundamental na execución do proxecto.

colaboradoras contratadas: asistencias técnicas, colectivas, entidades e profesionais que habitan o proxecto



Puraquitería - Eva Carballo

Creación e difusión de animacións e contidos interactivos arredor do Manifesto



Anna Soldevila

Formación "Corpo, territorio de paz: o clown como territorio"



Outonía S.Coop.Galega

Formación na metodoloxía de cartografías sociais "corpo - territorio"



Maos Innovación Social S. Coop. Galega

Plan de comunicación cobertura do proxecto en medios de comunicación tradicionais (prensa, radio e televisión)



Cidadanía S. Coop. Galega

Realización da parte da exposición "Mulleres na pesca. Galicia"



Arabías S.Coop.Galega

Realización da Liña de Base e da Avaliación externa

Colaboradoras participantes: colectivas, entidades e persoas que habitan o proxecto



Wendy Castillo

Feminista e activista salvadoreña pola promoción dos dereitos humanos en persoas LGBTIQ+
Forma parte da Asociación Colectiva Feminista para el Desarrollo Local - El Salvador



Alba Esperanza Mejía

Feminista e activista pola defensa dos dereitos humanos en Honduras. Forma parte do Centro de Derechos de las Mujeres (CDH), Honduras



Feministas de Catoira
Azos Feministas de Lalín
Levedar de Vila de Cruces
Unión de Muchachas de Boiro
Organizacións e colectivas feministas galegas



Mulleres do Salvador e de Galicia que protagonizan a exposición sobre mulleres e pesca artesanal



Cathryn Jeanne Teasley Severino

Profesora da UDC que imparte a materia de "Educación para a Paz, a Resolución de Conflictos e a Cidadanía" no Grao en Educación Social

Outras participantes do proxecto

●●●

Persoal técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz

22 profesionais de diferentes delegacións de ACPD participantes na formación na metodoloxía de cartografías sociais "corpo - territorio"

●●●

Alumnado da UDC

Alumnado da materia de "Educación para a Paz, a Resolución de Conflitos e a Cidadanía" no Grao en Educación Social da UDC

●●●

Educadoras, activistas, estudantado universitario do ámbito socio-educativo e persoas afíns

interesadas e participantes na formación "Corpo, territorio de paz: o clown como territorio"

●●●

Cidadanía en xeral

Que participou nas diferentes actividades organizadas no marco do Elas deciden así como seguidoras das redes sociais da entidade que accederon aos contidos que se difundiron no proxecto

o que pasou no elas deciden

corpo, territorio e paz

Neste apartado referenciamos as diferentes accións desenvolvidas ao longo da execución do proxecto organizadas nos diferentes resultados previstos:

r1

fomentada a coordinación e análise
do proxecto de cara a súa
visibilidade e sustentabilidade

[garantía de vida para o elas deciden]

Realización da coordinación participada e
seguimento continuado do proxecto

Deseño e posta en marcha do Plan de
seguimento e avaliación

Plan de comunicación

Encontro da equipa que conforma o
proxecto



r2

xerados espazos de reflexión crítica e
aprendizaxes significativas a través
de metodoloxías transformadoras
asociadas a procesos de cambio persoal

[corpo]

Elaboración e difusión do primeiro
elemento - corpo - do Manifesto "Elas
deciden: corpo, territorio e paz"

Coordinación para a realización da
formación "Corpo, territorio de paz: o
clown como territorio"

Realización da formación "Corpo, territorio
de paz: o clown como territorio"

Formación na metodoloxía de cartografías
sociais "corpo - territorio"



r3

visibilizado e promovido a conciencia social sobre o rol das mulleres en procesos de co-produción e gobernanza

[territorio]

Elaboración e difusión do segundo elemento - territorio - do Manifesto "Elas deciden: corpo, territorio e paz"

Adaptación e actualización da exposición "Mulleres na pesca. El Salvador"

Realización da parte da exposición "Mulleres na pesca. Galicia"

Presentación da exposición en espazos públicos e en formato virtual

r4

visibilizado e promovido a conciencia social sobre o rol das mulleres en procesos de co-produción e gobernanza

[paz]

Elaboración e difusión do segundo elemento - paz - do Manifesto "Elas deciden: corpo, territorio e paz"

Realización da xornada "Corpos e territorios en paz" coa UDC

Xuntanzas entre activistas do Sur e Titulares de Responsabilidades (TdR) e Titulares de Obrigas (TdO) de Galicia

Sensibilización social a través da presenza en medios de comunicación das activistas do Sur



resultados da avaliación

r1.1 [garantía de vida para o elas deciden]

fomentada a coordinación e análise do proxecto de cara a súa visibilidade e sustentabilidade.

R1

garantía de vida para o elas deciden

A vida que posibilita o elas deciden:

- o proceso de seguimento e coordinación
- a análise dun punto de partida para facilitar a futura avaliación
- a comunicación

o que se planificou

RESULTADO 1.1. Fomentada a coordinación e análise do proxecto de cara a súa visibilidade e sustentabilidade.

Indicadores:

- IOV.RE 1.1. Durante a execución do proxecto, realizado un proceso de seguimento e coordinación continuado do proxecto entre a equipa ACPP, servizos técnicos e entidades implicadas.
- IOV.RE 1.2. No mes 5, realizada unha liña de base na que se recolle a información de partida sistematizada.
- IOV.RE 1.3. No mes 12, entregado un informe de avaliación externa con enfoque de xénero e de medición de impacto do proxecto.
- IOV.RE 1.4. Ao longo da execución do proxecto, cando menos unha publicación mensual nas redes sociais de ACPP vencellada ao proxecto.
- IOV.RE 1.5. No mes 9, facilitado un espazo de reflexión crítica entre as entidades participantes do proxecto.

Consideracións xerais de partida reflectidas na liña de base

- Na liña de base non consideramos necesario facer ningún cambio
- Este resultado conta cunha redacción ampla e cun carácter xeral, o que dificulta a súa concreción e axuste á poboación destinataria. Para vindeiras ocasións recomendamos un nivel máis elevado de concreción que fíe cos IOV de impacto e amose coherencia coas actividades previstas.
- Os IOV deste resultado están formulados de forma clara e son medibles de xeito que axudan a intuír o alcance esperado, definíndose as fontes de verificación de forma axeitada.

o que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido

Logro	Indicadores
	IOV.RE 1.1. Durante a execución do proxecto, realizado un proceso de seguimento e coordinación continuado do proxecto entre a equipa ACPP, servizos técnicos e entidades implicadas.
	IOV.RE 1.2. No mes 5, realizada unha liña de base na que se recolle a información de partida sistematizada.
	IOV.RE 1.3. No mes 12, entregado un informe de avaliación externa con enfoque de xénero e de medición de impacto do proxecto.
	IOV.RE 1.4. Ao longo da execución do proxecto, cando menos unha publicación mensual nas redes sociais de ACPP vencellada ao proxecto.
	IOV.RE 1.5. No mes 9, facilitado un espazo de reflexión crítica entre as entidades participantes do proxecto.

A vida do elas deciden: o proceso de seguimento e coordinación

IOV.RE 1.1. Durante a execución do proxecto, realizado un proceso de seguimento e coordinación continuado do proxecto entre a equipa ACPP, servizos técnicos e entidades implicadas.

➤ *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación, entrevistas con servizos técnicos e mesa de traballo.*

A revisión da documentación facilitada por ACPP así como as diferentes entrevistas realizadas coas colaboradoras e a mesa de traballo, dan mostra do desenvolvemento dun proceso de seguimento e coordinación continuado no proxecto que veu a posibilitar o seu desenvolvemento.

A este respecto, extraemos algúns das apreciacións realizadas polas persoas que participaron da mesa de traballo, na que se reflexionou sobre dous elementos que son imprescindibles para realizar o seguimento de calquera proxecto: a coordinación e a comunicación.

As persoas implicadas na creación da imaxe gráfica do proxecto destacan:

- O primeiro momento do proxecto foi importante (diseño)
- A nivel de coordinación valórase a autonomía e capacidade de toma de decisións que facilitaron dende ACPP. A autonomía favoreceu a apropiación do proxecto, sentirse parte e sentir que se está valorando o coñecemento colectivo.
- Identifícase que o feito de que a responsable do proxecto por parte de ACPP reducise a súa xornada, implicou que se complexizase a coordinación.
- Valórase o respecto dos límites da comunicación, obviando whatsapp e teléfono.

As persoas implicadas na comunicación do proxecto destacan:

- Valórase de xeito positivo a planificación, a antelación e previsión.
- No referente a facilitar a coordinación a través de ferramentas online, sinalase que no referente á publicación, si que se houbo debilidades nas ferramentas compartidas online, documento compartido, o que dificultou algo o traballo. Igual é mellor testear que funciona ben e sabemos utilizalo para favorecer a coordinación.
- Valórase moitísimo a capacidade de toma de decisións e autonomía.

As persoas implicadas na exposición fotográfica destacan::

- Recoñecemento da accesibilidade e facilidade da persoal responsable de ACPD.
- Valoran positivamente a confianza depositada no seu traballo, sentíronse moi respaldadas.
- Bótase de menos un encontro como este ao principio do proxecto.
- A conexión entre ACPD e as mulleres do mar galegas pode ser unha oportunidade para o futuro.

Persoal responsable de ACPD

- Identifica o reto da súa media xornada. Compaxinar a súa media xornada cos compromisos da coordinación a distancia e que non repercuta moito na execución do proxecto. E tampouco saturar as compañeiras con máis tarefas.

IOV.RE 1.2. No mes 5, realizada unha liña de base na que se recolle a información de partida sistematizada.

- *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación.*

A liña de base foi elaborada por Arabías S.Coop.Galega en xaneiro de 2023.

IOV.RE 1.3. No mes 12, entregado un informe de avaliación externa con enfoque de xénero e de medición de impacto do proxecto.

- *Fontes de información do traballo de campo: sistematización da información.*

A avaliación externa do proxecto foi elaborada por Arabías S.Coop.Galega ao longo do proxecto. Os resultados amósanse neste informe de avaliación.

IOV.RE 1.5. No mes 9, facilitado un espazo de reflexión crítica entre as entidades participantes do proxecto.

- *Fontes de información do traballo de campo: mesa de traballo.*

A mesa de traballo entre a equipa ACPD os servizos técnicos e as entidades implicadas tivo lugar o día 25 de xuño en horario de a 13 horas na Oficina de ACPD en Santiago de Compostela.

Á mesa de traballo asistiron:

- Xiana Iglesias, forma parte de Maos Innovación Social e encargouse da comunicación relacionada coa visita das activistas
- Ana González e Rosa Muñiz, forman parte de Cidadanía S. Coop. Galega e encargáronse da coordinación da exposición mulleres galegas do mar.

- Eva Carballo, forma parte de Puraquitería e encargouse do deseño gráfico do manifesto
- Raquel López, é a responsable do proxecto dende ACP

En liñas xerais e tendo en conta o elevado número de entidades e persoas que habitaron o elas deciden, tanto como colaboradoras, contratadas ou como participantes, valórase unha participación baixa, o que vén a limitar as aprendizaxes e reflexións que se extraen do encontro. Porén, as persoas participantes deron claridades sobre o seu sentir de cara ao proxecto e sobre as apreciacións partindo da súa participación.

No encontro, abordáronse diferentes eixes en relación ao proxecto:

Momento 1: quen somos e por que estamos aquí?

Preséntanse as persoas que asisten, así como as entidades ás que pertencen e o rol/traballo no proxecto. Localízanse as expectativas sobre o encontro.

Momento 2: descrición do conxunto do proxecto

Compártese coas persoas participantes os diferentes eixes de traballo do Elas deciden para que todas teñan información sobre a globalidade do mesmo. Abórdanse conxuntamente cuestións relacionadas coa coordinación e comunicación entre as entidades e ACP. Extráense aprendizaxes para futuras edicións.

Momento 3. Identificación de actividades e fortalezas e debilidades

Achégase información sobre ás diferentes actividades do proxecto, permitindo que cada unha das persoas participantes comparta coas demais sobre a/s actividade/s que desenvolveron no marco do proxecto, reflexionando e compartindo sobre as fortalezas e debilidades percibidas.

Último momento: feche e recollida de comentarios compromiso

Abórdase o nivel de apropiación das persoas participantes co proxecto a partir do rol desempeñado no mesmo. Trázanse camiños de futuro nos que se aborda a sostibilidade do proxecto.

A comunicación

IOV.RE 1.4. Ao longo da execución do proxecto, cando menos unha publicación mensual nas redes sociais de ACPD vencellada ao proxecto.

📌 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e das redes sociais.*

Ao longo da execución do proxecto, que abarcou dende outubro do ano 2023 a decembro do ano 2024, realizáronse un total de 56 publicacións vencelladas ao proxecto nas redes sociais de ACPD. Destas 56 publicacións, 28 foron no Instagram e 28 en Facebook, realizándose a mesma publicación en dúas redes diferentes.

Ano	Mes	Nº publicacións Instagram	Nº publicacións Facebook
2023	Outubro	0	0
	Novembro	0	0
	Decembro	4	4
2024	Xaneiro	1	1
	Febreiro	2	2
	Marzo	3	3
	Abril	7	7
	Maio	5	5
	Xuño	5	5
	Xullo	2	2
	Agosto	0	0
	Setembro	1	1
	Outubro	0	0
	Novembro	1	1
	Decembro	1	1

Malia que o número de publicacións foi moi superior ao recollido no indicador, é necesario sinalar varias cuestións:

- A primeira publicación nas redes da entidade foi no mes de decembro do ano 2023. Así, tendo en conta que o proxecto deu comezo en outubro 2023, non se realizaron publicacións nos 2 primeiros meses do proxecto, o que se explica pola necesidade de avanzar no proxecto e na imaxe gráfica creada para poder realizar publicacións.
- Na maioría dos meses realizáronse máis de 1 publicación, destacando o mes de abril do ano 2024 no que se realizaron un total de 14 (7 en cada rede social).

- No mes de outubro do ano 2024, mes incluído na ampliación solicitada do proxecto, tampouco se realizaron publicacións.

Pese a esta situación, damos por acadado este indicador xa que o número de publicacións ao previsto e as cuestións temporais responden aos cambios e axustes no realizados no calendario e que eran necesarios para garantir o devir do proxecto. O desglose das publicacións pode verse no [anexo I](#).

o que vemos cando tiramos do fío da garantía de vida do proxecto

Para elaborar este apartado, traemos aquí os retos identificados na liña de base para dar resposta e ver se o proxecto foi quen de responder a eles.

A nivel de coordinación do proxecto, o *elas deciden* supoñía artellar unha rede de colaboración entre un número considerable de aliadas. Isto requiría favorecer canles de comunicación efectivos e sobre todo coidadosos, para que se logre o obxectivo de que todas as entidades e aliadas se sintan parte do proxecto dende o compromiso coidado e amoroso.

A nivel de planificación do proxecto, precisábase unha previsión considerable para desenvolver todas as actividades e accións. O proxecto contaba con envergadura e cunha liña do tempo prolongada. Neste punto situábase un dos grandes retos do proxecto, como conxugar os prazos do proxecto coas vidas das persoas dende un plano coidadoso e respectuoso.

O que vemos a través das entidades contratadas que formaron parte do proxecto é o seguinte:

- *Valoran moito a capacidade de toma de decisións e autonomía.* Consideran que isto favorece a apropiación do proxecto, *que te sintas parte e que sintas que se está valorando o coñecemento colectivo.* Recoñécese que isto é posíbel grazas á *accesibilidade e facilidade de Raquel, a coordinadora do proxecto.*
- Ao respecto dunha comunicación efectiva e coidadosa, valórase o respecto dos *límites da comunicación, obviando whatsapp e teléfono.* Identifícanse 2 retos:
 - ✳ *houbo debilidades nalgunha das ferramentas compartidas online, facéndose necesario revisar as que funcionan para favorecer a coordinación*
 - ✳ *bótase de menos un encontro como este ao principio do proxecto*

- Tanto as entidades como Raquel identifican coma un reto no devir do proxecto a súa redución de xornada. Así, sinalan que cando isto aconteceu a coordinación e comunicación *custou un pouco máis*.

Outras cuestións relevantes:

- A información recollida en relación a este resultado, ten alcance limitado na medida en que a información obtense das entidades contratadas no marco do proxecto (asistencia técnica, colectiva, entidades e profesionais) mais non contamos coas aportacións das colaboradoras participantes que tamén resultan relevantes a efectos de coordinación e sustentabilidade.
- Ao igual que en anteriores edicións do proxecto, bótase en falta a participación na mesa de traballo de persoas e entidades participantes que formaron parte do proxecto para poder ter un mapa máis completo do mesmo.

r1.2 [corpo]

xerados espazos de reflexión crítica e aprendizaxes significativas a través de metodoloxías transformadoras asociadas a procesos de cambio persoal.

R2

corpo

a partir deste concepto, que bebe dos feminismos de América Latina, artéllanse actividades sobre:

- 1| o corpo como territorio ameazado por violencias
- 2| o corpo como estratexia de coidado propio para resistir e darnos pracer.

o corpo tomou forma a través de:

- manifesto "Elas Deciden: corpo, territorio e paz"
- formación "Corpo, territorio de paz: o clown como territorio"
- formación na metodoloxía de cartografías sociais "corpo - territorio"

o que se planificou

RESULTADO 1.2. Xerados espazos de reflexión crítica e aprendizaxes significativas a través de metodoloxías transformadoras e asociadas a procesos de cambio persoal

Indicadores:

- IOV.RE 2.1. No mes 5, publicadas 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.
- IOV.RE 2.2. Ao remate da formación "Corpo, territorios de paz: o clown como territorio" (mes 5), o 80% das 20 persoas participantes (80% mulleres, 20% homes) manifesta que a formación contribuíu a xerar reflexións críticas e aprendizaxes significativas.
- IOV.RE 2.3. Ao remate da formación sobre a metodoloxía de cartografías sociais, polo menos o 70% das 30 persoas participantes (70% mulleres, 30% homes) son capaces de recoñecer ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a transformación social e identifican ámbitos de aplicación.

Consideracións xerais de partida reflectidas na liña de base

- Este resultado conta cunha redacción ampla e cun carácter xeral, o que dificulta a súa concreción e axuste á poboación destinataria. Para vindeiras ocasións recomendamos un nivel máis elevado de concreción que fíe cos IOV de impacto e amose coherencia coas actividades previstas.
- Os IOV deste resultado están formulados de forma clara e son medibles de xeito que axudan a intuír o alcance esperado, definíndose as fontes de verificación de forma axeitada.
- Non consideramos necesario ningún cambio, mais si que complementamos dous dos IOV de impacto con ítems medibles que extraemos das entrevistas realizadas ás formadoras:

IOV.RE 2.2.

- Valoración das dinámicas vivenciais (sexan individuais ou colectivas).
- Valoración dos espazos reflexivos que atravesan a formación (individuais).
- Valoración dos espazos reflexivos que atravesan a formación (colectivos).
- Valoración das cuestións abordadas que cuestionaron as estruturas hexemónicas imperantes e puxeron en valor o subversivo.
- Valoración da relación co corpo que se acolle na formación, xa sexa a través do contacto ou doutras técnicas que facilitan achegarse a el.
- Valoración da introdución de técnicas de clown na formación.

IOV.RE 2.3.

- Medición da interiorización do que comprende a metodoloxía das cartografías sociais (pre – posttest).
- Medición da interiorización da utilidade da metodoloxía das cartografías sociais [tanto a nivel persoal, social e relacional – entidade] (pre – posttest).
- Valoración do tratamento do concepto do poder e privilexios.
- Valoración do tratamento da metodoloxía do afectómetro.
- Valoración da interiorización da metáfora corpo – terra (pre – posttest).
- 👉 Valoración da utilidade da metodoloxía da cartografía corpo terra a nivel de entidade ACPP (pre – posttest)
- 👉 Valoración da metodoloxía de traballo individual e grupal da formación (posttest)

o que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido

Logro	Indicadores
	IOV.RE 2.1. No mes 5, publicadas 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.  1 das pezas publicouse no mes 6 do proxecto.
	IOV.RE 2.2. Ao remate da formación "Corpo, territorios de paz: o clown como territorio" (mes 5), o 80% das 20 persoas participantes (80% mulleres, 20% homes) manifesta que a formación contribuíu a xerar reflexións críticas e aprendizaxes significativas.
	IOV.RE 2.3. Ao remate da formación sobre a metodoloxía de cartografías sociais, polo menos o 70% das 30 persoas participantes (70% mulleres, 30% homes) son capaces de recoñecer ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a transformación social e identifican ámbitos de aplicación.

Detalle dos indicadores

o manifesto

IOV.RE 2.1. No mes 5, publicadas 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.

 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e das redes sociais*

Tal e como estaba previsto, publicáronse un total de 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto "Elas deciden: corpo, territorio e paz" nas que se presentou o Manifesto e se difundiu o primeiro elemento: corpo.

As publicacións realizadas foron:

Publicación	Data	Visualizacións/alcance
Parte 1. Peza audiovisual presentación proxecto	13/12/2023 Mes 3 do proxecto	Facebook: 62 Instagram: 347
Parte 2. Peza audiovisual elemento Corpo.	26/12/2023 Mes 3 do proxecto	Facebook: 361 Instagram: -
Parte 3. Publicación elemento Corpo.	22/02/2024 Mes 5 do proxecto.	Facebook: - Instagram: -
Parte 4. Peza audiovisual elemento Corpo.	19/03/2024 Mes 6 do proxecto	Facebook: - Instagram: -

Compartimos a continuación as publicacións realizadas:

13/12/2023 - Parte 1. Peza audiovisual presentación proxecto



26/12/2023 - Parte 2. Peza audiovisual elemento Corpo.



22/02/2024 - Parte 3. Publicación elemento Corpo.



19/03/2024 - Parte 4. Peza audiovisual elemento Corpo.



formación "Corpo, territorio de paz: o clown como territorio"

IOV.RE 2.2. Ao remate da formación "Corpo, territorios de paz: o clown como territorio" (mes 5), o 80% das 20 persoas participantes (80% mulleres, 20% homes) manifesta que a formación contribuíu a xerar reflexións críticas e aprendizaxes significativas.

📌 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e dos cuestionarios*

Para poder valorar a consecución deste indicador, as persoas participantes na formación cubriron ao finalizar a mesma unha cuestionario no que se preguntaba por este e outros aspectos.

En relación ao indicador, fíxose unha pregunta concreta en dito cuestionario:

A formación contribuíu a xerar aprendizaxes significativas e reflexións críticas?

Ao cuestionario responderon un total de 13 persoas: 11 mulleres cis, 1 muller non binarie e 1 homes cis.

As 13 persoas confirman que a formación contribuíu a xerar aprendizaxes significativas e aprendizaxes críticas.

Destacan as seguintes cuestións: dinámica participativa e experiencial, o vínculo entre reflexións sobre o corpo e o territorio que habitamos, a relación co feminismo decolonial.

No [anexo II](#) compartimos a información obtida a través do cuestionario realizado.

formación na metodoloxía de cartografías sociais "corpo - territorio"

IOV.RE 2.3. Ao remate da formación sobre a metodoloxía de cartografías sociais, polo menos o 70% das 30 persoas participantes (70% mulleres, 30% homes) son capaces de recoñecer ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a transformación social e identifican ámbitos de aplicación.

👉 *Fontes de información do traballo de campo: análise de pre-posttest*

Para poder valorar a consecución deste indicador, realizouse un cuestionario pretest e un posttest para valorar en que medida se incrementaran os seus coñecementos sobre a metodoloxía as persoas participantes. Así mesmo, tamén se recolleron outra serie de aspectos relevantes sobre o devir da formación.

É necesario destacar que:

- ➔ Todas as persoas son parte do equipo técnico de ACP, estando presentes diferentes perfís: persoal técnico de proxectos de cooperación tanto nas delegacións da entidade no estado español como nas delegacións da entidade nos países do Sur; persoal técnico de proxectos de EpD Sur; e persoal coordinador ou responsable.
- ➔ A participación no cuestionario posttest foi inferior á prevista. Así, ao cuestionario pretest responderon un total de 22 participantes, das cales 17 se identificaron co pronome Ela (muller) e 5 co pronome El (home), mentres que ao cuestionario posttest só responderon 12 persoas, das cales 10 se identificaron co pronome Ela (muller) e 2 co pronome El (home)


Compartimos a continuación as respostas máis relevantes do cuestionario posttest, comparando as mesmas cos resultados do pretest:

Nivel de coñecemento da metodoloxía despois da formación:

- Máis da metade das persoas que responderon o cuestionario afirman que coñecen a metodoloxía e saberían como aplicala (58,3%).
- Aínda así, a cuarta parte admite que a coñece máis ou menos, non de todo (25%).
- As persoas restantes destacan o coñecemento a nivel teórico, pero non tanto levándoa á práctica (16,6%).
- Estes resultados melloran os coñecementos do cuestionario pretest, no que observábamos como practicamente a metade do alumnado non coñecía a metodoloxía e a outra metade escoitara falar dela aínda que non sabe moito dela.

¿Consideras que ahora conoces la metodología de las cartografías sociales?

12 respuestas




- **Comentarios sobre o nivel de coñecemento da metodoloxía:** En xeral, destaca a sensación de que a teoría quedou clara pero non se contan cun nivel suficiente como para aplicala na práctica (máis recursos e ir experimentando para irla coñecendo mellor). Así, evidenciase que se precisaría máis tempo de indagación e investigación persoal para lograr levala á práctica. A formación é valorada positivamente onde se destaca o impacto que tivo nas persoas, mais tamén se respira a complexidade da metodoloxía e por tanto para levala á práctica.

Utilización da metodoloxía de forma práctica na formación recibida

¿Has utilizado esta metodoloxía de forma práctica en la formación recibida?

12 respostas



■ **Comentarios sobre a pregunta anterior:** As persoas que aplicaron a metodoloxía na formación recibida fixérono a través dos exercicios propostos polas formadoras. Percíbese que os exercicios e as técnicas foron acaídas.


Algunhas das dificultades percibidas teñen que ver con que foron aplicacións máis no plano “persoal” e se descoñece como levalo ao plano “profesional”. Ademais, sentíronse dificultades á hora de expoñer cuestións “íntimas” nun espazo compartido con compañeiras e compañeiros de traballo.

Percepción do grao de aplicabilidade da metodoloxía no posto de traballo.

- As tres cuartas partes das persoas que responderon o cuestionario consideran que é unha ferramenta interesante e que vai usala no seu traballo (75%).
- Unha parte das participantes opinan que a pesar de ser unha ferramenta interesante, non cren que a vaian utilizar no seu posto de traballo (16,6%).
- Unha pequena porcentaxe opina que é interesante e intúe que a poderá aplicar en situacións moi específicas.

¿Consideras que esta metodoloxía es una herramienta interesante y que vas a poder usarla en tu trabajo?

12 respostas



Nivel de coñecemento sobre o concepto "corpo - territorio"

- Máis da metade das persoas consideran que coñecen o concepto (58,3%).
- Outras persoas admiten que o coñecen máis ou menos pero non de todo (33,3%)
- Unha das persoas confirma que coñecía o concepto antes da formación, e que grazas a ela achegouse ao concepto dende outras perspectivas (8,3%).
- Se poñemos o foco ás respostas do pretest, no mesmo soamente o 10% das participantes (2 persoas) amosaban coñecemento sobre este concepto e tiñan traballado con este concepto. Así, na mesma liña que nos coñecementos previos da metodoloxía das cartografías, os coñecementos previos son de nivel baixo e a meirande parte das persoas descoñecen os conceptos cos que van traballar

¿Consideras que ahora conoces el concepto "cuerpo-territorio"?

12 respuestas




- **Comentarios sobre o concepto "corpo – territorio":** Valórase positivamente como se traballou o concepto na formación, tanto dende o plano individual como colectivo. En xeral, percíbese que grazas ao curso se achegaron pinceladas, pero que se precisa máis investigación e profundización por parte de cadaquén. Neste plano, valóranse positivamente os recursos e referencias da formación.
- **Nivel de interese que provoca o concepto de "corpo – territorio":** Todas as persoas están interesadas neste concepto e valoran moi positivamente o potencial co que conta á hora de analizar a (auto)realidade dende enfoques transversais e transformadores – tales como os feminismos, interseccionalidades e subalternidades - .
- **Grao de utilidade do concepto de "corpo – territorio" no traballo**
 - As tres cuartas partes consideran que vai ser moi útil e interesante no seu traballo (75%).

- Arredor da cuarta parte considérao interesante pero dubida da súa utilidade no seu traballo (25%).
- A través dos resultados que arrojava o pretest, a meirande parte das persoas teñen expectativas sobre a formación e consideraban que este concepto vai ser interesante e útil no seu futuro profesional. Así, un 80% , considerábo como un concepto interesante e que ía ser útil no seu traballo. Se observamos as respostas ao postest, observamos unha leve diminución (75%) desta expectativa unha vez coñecido o concepto.

¿Consideras que este concepto es interesante y que va a ser de utilidad en tu trabajo?

12 respuestas



Preguntas curtas sobre o aprendido

- **Definición sobre cartografía social e a súa utilidade:** Todas as persoas definiron o concepto aparecendo en todas elas definicións sobre conceptos vinculados á mesma.
- **Definición de afectómetro:** Houbo 2 persoas que non souberon definir o concepto. As demais persoas definiron o mesmo empregando conceptos vinculados.
- **Definición e utilidade da metáfora / concepto “corpo – territorio”:** Houbo 2 persoas que non souberon definir o concepto. As demais persoas definiron o mesmo empregando conceptos vinculados.
- **Definición e utilidade de cartografía “corpo – territorio”:** Houbo 2 persoas que non souberon definir o concepto. As demais persoas definiron o mesmo empregando conceptos vinculados.
- **Relación entre as cartografías sociais e as relación de poder nos territorios e nos corpos.** Todas as persoas definiron o concepto. As definicións versan sobre os seguintes conceptos nomeados: Poder, relacións, relacións de poder, opresións,


violencias, vínculos; Espazo, lugar, territorio; Nós; Complexidade, multidimensionalidade.

Valoración da formación

- **Valoración do traballo de facilitación e de formación que se desenvolve dende a cooperativa outonía:** En xeral valórase a capacidade de combinar a teoría e a práctica (poñendo enerxía nesta última) levando a cabo dinámicas innovadoras. Todas as persoas poñen moito acento na creación dun espazo seguro e coidado. Ademais ponse énfase na planificación e na capacidade comunicativa e pedagóxica. E por último, tamén se puntúa positivamente a facilitación de recursos prácticos sobre os que seguir a investigar. O único que se botou de menos foi ter máis tempo para a formación, que durase máis.
- **Valoración da metodoloxía utilizada polas facilitadoras (online – individual / grupal):** En xeral, valórase moi positivamente. O único punto que se demanda é máis tempo na formación, e hai persoas que identifican o formato online coma unha debilidade, a pesar de que as formadoras souberon adaptar a formación.
- **Valoración do tratamento do concepto de poder e privilexios:** En xeral, as opinións son moi positivas, poñendo énfase no carácter transversal e coidado para abordar un tema tan complexo no conxunto dun grupo que comparten organización. De novo, unicamente se apunta á modalidade online coma un hándicap para tratar mellor este tema. Houbo 1 persoa que non respondeu a esta pregunta.
- **Consideración de que a formación aportou aprendizaxes significativas:** Unha porcentaxe moi ampla considera que a formación aportou aprendizaxes significativas (83,3%). Das restantes persoas, unha persoa non respondeu e outra apunta a que a pesar de considerar que foi así, pensa que aínda non asimilou toda a información.


¿Consideras que en esta formación has obtenido aprendizajes significativos?

12 respostas



- **Consideración de que aprendeu metodoloxías transformadoras:** A gran maioría das persoas considera que si.

¿Consideras que en esta formación has aprendido sobre metodologías transformadoras?
12 respostas



- **Que se levan da formación.** As respostas refiren diferentes aspectos: metodoloxías participativas e creativas, coñecemento teórico de corpo – territorio e de cartografías; coñecemento propio; coñecemento sobre as persoas coas que traballo, ganas de investigar, motivación para lavallo á práctica no meu traballo e a lóxica persoal/comunitario-relacional/social.
- **Que cambiarían.** As respostas refiren diferentes cuestións: “que fose presencial”, “máis tempo en xeral e ás explicacións teóricas e “redución dos tempos de tarefas, trataría de situar os tempos de reflexión dentro da propia formación”.

o que vemos cando tiramos do fío do corpo

Para elaborar este apartado, traemos aquí os retos identificados na liña de base para dar resposta e ver se o proxecto foi quen de responder a eles.

Sobre a formación “Corpo, territorio de paz: o clown como territorio”

Existían retos de partida que tiñan que ver co carácter novidoso da formación, a complexidade da trasladar a relación corpo-territorio-clown e o carácter vivencial da formación que esixía ás persoas participantes unha aprendizaxe que a través de ir ao corpo, as emocións e as súas vivencias.

Algunha das respostas ao cuestionario, amosan que a formación conseguiu dar resposta a estes retos:

A dinámica experiencial e participativa da formación permíteme integrar os contidos de xeito real no meu corpo, contribuíndo a xerar reflexións arredor de min mesma (persoal e profesionalmente) e do contexto que habito

Me encantó como Anna relacionó todo con el feminismo decolonial.

Había un vínculo constante sobre como oímos e sentimos nas nosas vidas e como son as estruturas sociais e políticas que habitamos

Contribuíu a reflexionar criticamente co interior meus tamén sobre o corpo e territorio en colectivo e comunidade... para xerar diálogos diferentes

Outro dos retos era que a formación servise para fidelizar aliadas do elas deciden e posicionar a ACPD como referente neste tipo de formacións e actividades. As persoas participantes amosaron na súa resposta o interese en seguir participando deste tipo de formacións. Con todo, é difícil asegurar que isto vai a ser así na medida na que o proxecto só contou con 1 formación deste tipo e é un proxecto cuxo marco temporal, isto é, os tempos do mesmo, son amplos.

Sobre a formación na metodoloxía de cartografías sociais "corpo - territorio"

Existían retos de partida que tiñan que ver co formato online da formación, coa dificultade de manter o equilibrio entre unha formación instalada no coñecemento racional e a importancia de favorecer un traballo persoal de autoreflexión e tamén sobre se esta formación ía a posibilitar o obxectivo para o que foi concibida, o de que as persoas participantes podan replicar esta metodoloxía nos seus proxectos.

Para valorar se a formación deu resposta a estes retos, compartimos algunhas das cuestións que se derivan do postest:

➤ **Sobre o formato da formación**

Nas respostas dadas polas participantes á pregunta sobre a metodoloxía utilizada polas facilitadoras, valoran a mesma moi positivamente. O único punto que se demanda é máis tempo na formación, e hai persoas que identifican, certamente, o formato online coma unha debilidade, a pesar de que as formadoras souberon adaptar a formación.

A este respecto, nas respostas dadas a outras preguntas do cuestionario, tamén aparecen referencias ao formato online. Así, na valoración do tratamento do concepto de poder e privilexios, hai persoas que apuntan á modalidade online coma un hándicap para tratar mellor este tema. E tamén na pregunta final de que cambiarían, hai persoas que afirman “que fose presencial”.

✎ ***Sobre a replicación da metodoloxía nos seus proxectos:***

As respostas amosan certa incoherencia. Así, algunhas das dificultades percibidas teñen que ver con que foron aplicacións máis no plano “persoal” e se descoñece como levalo ao plano “profesional”. Mais logo un 75% das persoas que responderon o cuestionario consideran que é unha ferramenta interesante e que vai usala no seu traballo.

Consideramos que sería positivo para poder avaliar este punto, realizar unha consulta nun futuro ás persoas participantes para coñecer se finalmente aplicaron/replicaron esta metodoloxía nos seus proxectos. Isto posibilitaría coñecer o impacto real da formación nos proxectos e no traballo da entidade

✎ ***Sobre o feito manter o equilibrio entre unha formación instalada no coñecemento racional e a importancia de favorecer un traballo persoal de autoreflexión***

As persoas participantes valoran positivamente como se traballou o concepto na formación, tanto dende o plano individual como colectivo. En xeral valórase a capacidade de combinar a teoría e a práctica (poñendo enerxía nesta última) levando a cabo dinámicas innovadoras.

Así, tamén hai persoas que sentiron certas dificultades á hora de expoñer cuestións “íntimas” nun espazo compartido con compañeiras e compañeiros de traballo, cuestión que é necesario ter en conta para futuras formacións, especialmente se entre as persoas participantes existe un diferente rango na entidade.

r1.3 [territorio]

visibilizado e promovido a conciencia social sobre o rol das mulleres en procesos de co-producción e gobernanza

R3

territorio

a partir deste concepto que tamén bebe dos feminismos de América Latina fórmulanse diferentes accións que fían arredor de posicionar o territorio dende unha óptica de defensa e coidado comunitario en termos de apropiación de identidade. o territorio artellouse a través de:

- manifesto “Elas Deciden: corpo, territorio e paz”
- exposición fotográfica sobre o rol das mulleres na pesca artesanal no Salvador e en Galicia

o que se planificou

RESULTADO 1.3. Visibilizado e promovido a concienciación social sobre o rol das mulleres en procesos de co-producción e gobernanza.

Indicadores:

- IOV.RE 3.1. No mes 8, publicadas 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.
- IOV.RE 3.2. No mes 6, producida unha exposición que visibilice o rol das mulleres na pesca artesanal en El Salvador e Galicia.
- IOV.RE 3.3. No mes 8, realizada unha inauguración pública da exposición un espazo de incidencia social.
- IOV.RE 3.4. Ao longo da execución do proxecto, realizadas cando menos tres presentacións da exposición en espazos públicos coa colaboración de TdR (grupos feministas locais) e a presenza de TdO locais.

Consideracións xerais de partida reflectidas na liña de base

→ Este resultado conta cunha redacción ampla e cun carácter xeral, o que dificulta a súa concreción e axuste á poboación destinataria. Para vindeiras ocasións

recomendamos un nivel máis elevado de concreción que fíe cos IOV de impacto e amose coherencia coas actividades previstas.

→ Os IOV deste resultado están formulados de forma clara e contan con elementos interesantes, mais bótase de menos algún IOV de impacto que axude a facilitar unha futura máis precisa.

→ Na liña de base non consideramos necesario facer ningún cambio.

o que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido

Logro	Indicadores
	IOV.RE 3.1. No mes 8, publicadas 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.
	IOV.RE 3.2. No mes 6, producida unha exposición que visibilice o rol das mulleres na pesca artesanal en El Salvador e Galicia. → Prazo de execución ampliado
	IOV.RE 3.3. No mes 8, realizada unha inauguración pública da exposición un espazo de incidencia social. → Prazo de execución ampliado
	IOV.RE 3.4. Ao longo da execución do proxecto, realizadas cando menos tres presentacións da exposición en espazos públicos coa colaboración de TdR (grupos feministas locais) e a presenza de TdO locais.
	IOV.RE 3.4. Ao longo da execución do proxecto, realizadas unha presentación da exposición nun concello galego vencellado ao sector pesqueiro con presenza de TdR e de TdO locais.
	IOV.RE 3.5. No remate do proxecto, a exposición está visible nun espazo virtual con, cando menos, unha media de 100 visualizacións. → O número de visualizacións foi inferior ao previsto (32).

Detalle dos indicadores

manifiesto

IOV.RE 3.1. No mes 8, publicadas 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.

📌 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e das redes sociais.*

Tal e como estaba previsto, publicáronse un total de 4 pezas audiovisuais sobre o Manifesto “Elas deciden: corpo, territorio e paz” nas que se difundiu o segundo elemento: territorio.

As publicacións realizadas foron:

Publicación	Data	Visualizacións/alcance
Parte 5. Peza audiovisual elemento Territorio	19/04/2024 Mes 7 do proxecto	Facebook: 93 Instagram: 126
Parte 6. Publicación elemento Territorio.	03/05/2024 Mes 8 do proxecto	Facebook: 66 Instagram: 142
Parte 7. Publicación difusión elemento Territorio.	10/05/2024 Mes 8 do proxecto	Facebook: 33 Instagram: 126
Parte 8. Publicación difusión elemento Territorio.	17/05/2024 Mes 8 do proxecto	Facebook: 42 Instagram: 66

Compartimos a continuación as publicacións realizadas:

19/04/2024. Parte 5 - Peza audiovisual elemento Territorio.




03/05/2024. Parte 6 - Publicación elemento Territorio.



10/05/2024. Parte 7 - Publicación difusión elemento Territorio.



17/05/2024. Parte 8 - Publicación difusión elemento Territorio.



exposición fotográfica sobre o rol das mulleres na pesca artesanal no Salvador e en Galicia

IOV.RE 3.2. No mes 6, producida unha exposición que visibilice o rol das mulleres na pesca artesanal en El Salvador e Galicia.

✚ *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e mesa de traballo.*

Tal e como estaba previsto, e co apoio de Cidadanía Sociedade Cooperativa Galega, estívoise traballando no desenvolvemento dunha exposición que vinculaba, a través de fotografías e testemuños, a mulleres traballadoras da pesca artesanal de El Salvador e da costa galega. Para poder producir a exposición, foi necesaria unha dobre coordinación, Raquel de ACP coordinando co Salvador e Cidadanía coas mulleres galegas, que ambas partes consideran facilitadora.

O obxectivo desta exposición era o de poñer en valor o traballo feminino no sector pesqueiro, tradicionalmente masculinizado, ao tempo que visibilizar que os retos non son tan diferentes dun lado e doutro do Océano.

As fotografías e locucións de audio foron tomadas entre os meses de xaneiro e abril de 2024 por parte de Clelia Nochez, Lesly Orellana, Jorge Carranza, Lucía Rodríguez, Fabiola Hernández e Lesly Nochez, mocidade vinculada ás confrarías de pescadores e pescadoras do Salvador e, no caso galego, por Ana González de Cidadanía S.Coop.Galega.

IOV.RE 3.3. No mes 8, realizada unha inauguración pública da exposición un espazo de incidencia social.

✚ *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación, redes sociais e webs das entidades implicadas e mesa de traballo.*



Tal e como pode verse no cartaz informativo, a inauguración da exposición ***Elas deciden: mulleres do mar de El Salvador e Galicia***, tivo lugar o xoves 27 de xullo ás 19 horas no Museo do Pobo Galego, sito en Santiago de Compostela.


Así mesmo, a exposición estivo aberta ao público para a súa visualización dende a súa inauguración ata o 28 de xullo.

Compartimos algunhas fotos da mesma:



No caso de El Salvador, a exposición inaugurouse o 26 de maio no *Festival del Cangrejo* en Tecoluca, San Vicente, onde máis de 5000 persoas celebraron a gastronomía do cangrexo e o labor do sector pesqueiro artesanal. Posteriormente, o 26 de xullo, presentouse no Encontro Enredarnos na cidade de San Salvador, un evento que destacou propostas artísticas lideradas por mulleres en teatro, música, audiovisual e fotografía. O seu percorrido continuou o 5 de setembro no Festival da Mocidade da Paz Centro e o 10 de outubro no peirao de San Luís A Ferradura no marco do Festival Municipal do Día do Pescador.

A mostra tivo unha notable presenza en diversos eventos e foi presentada noutros espazos relacionados co sector pesqueiro artesanal, ampliando así o seu impacto nas comunidades costeiro mariñas salvadoreñas.



Fotografías da inauguración en El Salvador

~~IOV.RE 3.4. Ao longo da execución do proxecto, realizadas cando menos tres presentacións da exposición en espazos públicos coa colaboración de TdR (grupos feministas locais) e a presenza de TdO locais.~~

Este indicador sufriu unha modificación substancial. Así, tal e como pode comprobarse na documentación entregada ao organismo competente, solicitouse e xustificouse un

cambio na actividade 3.4. que afectou aos indicadores vinculados á mesma. Os cambios foron os seguintes:

Por tanto, propónse o seguinte cambio de actividade:

ACTIVIDADE 3.4.- Presentación da exposición en espazos públicos >> ACTIVIDADE 3.4.- Presentación da exposición en espazos públicos e en formato virtual.

Consecuentemente, os indicadores e fontes de verificación asociadas á actividade, tamén mudan:

IOV 3.4.- Ao longo da execución do proxecto, realizadas cando menos tres presentacións da exposición en espazos con TdR e TdO.	IOV 3.4.- Ao longo da execución do proxecto, realizada unha presentación da exposición nun Concello galego vencellado ao sector pesqueiro con presenza de TdR e TdO locais. IOV 3.5.- No remate do proxecto, a exposición está visible nun espazo virtual con, cando menos, unha media de 100 visualizacións.
--	---

Pasamos a continuación a revisar os dous indicadores novos.

IOV.RE 3.4. Ao longo da execución do proxecto, realizadas unha presentación da exposición nun concello galego vencellado ao sector pesqueiro con presenza de TdR e de TdO locais.

📌 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación, redes sociais e webs das entidades implicadas.*

A exposición *Elas deciden: mulleres do mar de El Salvador e Galicia* foi presentada e exposta no Concello de Barreiros, concello galego vinculado ao mar. A mostra foi inaugurada o 24 de novembro do ano 2024, ao abeiro das actividades programadas no concello por mor da celebración do 25 de Novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

A concelleira de igualdade de Barreiros, Montse Porteiro sinalou que: *“quixemos contar en Barreiros con esta exposición que, aínda que Barreiros non ten porto pesqueiro, si ten unha longa tradición no marisqueo polo que nos gustaría poñer en valor e recoñecer o labor das mariscadoras. Con esta exposición queremos renderlles homenaxe a todas as mulleres que desenvolveron e desenvolven esta dura profesión”*.

A información sobre a exposición quedou recollida na [web do propio concello](#).

Achéganse imaxes da inauguración:




IOV.RE 3.5. No remate do proxecto, a exposición está visible nun espazo virtual con, cando menos, unha media de 100 visualizacións.

✚ *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e mesa de traballo.*

Tal e como refire o indicador, a exposición ***Elas deciden: mulleres do mar de El Salvador e Galicia tecendo redes***, está dispoñible para a súa visualización nun espazo virtual que funciona a modo de museo virtual. Así, a exposición pode verse dende o 12 de decembro no seguinte enlace: [Exposición virtual](#).

No referente ao número de visualizacións, a mesma tipo un total de 32, un número inferior ao previsto no marco do indicador.



o que vemos cando tiramos do fío territorio

Os retos identificados na liña de base eran...

Para elaborar este apartado, traemos aquí os retos identificados na liña de base para dar resposta e ver se o proxecto foi quen de responder a eles.

O reto identificado deste resultado tiña que ver con lograr que a exposición fotográfica expresase todo o potencial da idea de partida, tanto dende un plano estético coma conceptual. Así, entendíase que exposición non contaba unicamente cun plano fotográfico, senón que tamén pretendía trasladar as conexións entre a realidade compartida entre mulleres de diferentes contextos pero con problemáticas comúns.

Ao respecto disto, valorábase esta parte como complexa e á vez con moito potencial, a fotografía ten o reto de conseguir ser a ferramenta que traslade isto á comunidade.

Para tirar deste fío e valorar se a exposición deu resposta aos obxectivos que se buscaban con ela, recollemos as valoracións e aportacións feitas no marco do espazo de reflexión crítica entre as entidades participantes do proxecto.

- Esta actividade supuxo unha dobre coordinación, Raquel de ACP coordinando co Salvador e Cidadanía coas mulleres galegas, que ambas partes consideran facilitadora.
- Cidadanía contaba con experiencia de traballo con colectivos galegos, así considera que este proxecto axuda a tomar consciencia doutras realidades. O sector pesqueiro en Galicia tamén ten elementos que fallan, e estes encontros con outras realidades pode xerar espazos de aprendizaxes moi interesantes, como por exemplo facer comunidade.
- As mulleres galegas do mar conectaron co discurso do coidado territorio / corpo traballo. O feito de que desembarcar coa proposta de facer unha foto vai moito máis alá, posibilitando un espazo para reflexionar sobre todo isto.
- Esta actividade, destaca Rosa de Cidadanía, supuxo para ela unha dificultade relacionada coa complexidade de trasladarlles de inicio ás mulleres o discurso do proxecto. Así valora como difícil para ela identificar, coñecer e transmitirle ás mulleres a globalidade do proxecto.

👉 Identifícanse diferentes elementos positivos:

- ✳ Capacidade das mulleres de verse reflectidas a través das imaxes
- ✳ Achegar os conceptos de corpo – territorio – paz axudou moito ao traballo. Así, as mulleres do mar xa teñen os seus discursos moi interiorizados, teñen a súa forma de falar e de pensar sobre a saúde, a súa carreira profesional... O feito de levarlle estes tres conceptos, foi acaído (tamén complexo), e axudou a fiar o seu discurso. Isto é, os conceptos facilitaron que as mulleres levasen os conceptos de corpo – territorio – paz á súa cotidianidade.
- ✳ A disposición das mulleres a achegarse a outras realidades.
- ✳ Os temas e elementos que se comparten entre mulleres de realidades tan diferentes (Sur – Norte). Aínda así compróbase que se comparten moitos elementos (ex. traballos feminizados que están precarizados, a influencia dos traballos nos corpos, os coidados e a conciliación, sostibilidade ambiental...).

👉 Identifícanse diferentes retos de futuros:

- ✳ Conseguir que as mulleres que participan (Norte – Sur) se apropien do proxecto, que o sintan como seu.
- ✳ A nivel de coordinación o reto sería incidir a horizontalidade toma de decisións, aínda que entenden que isto pode dilatar os prazos.
- ✳ Sacar máis xugo a esa conexión norte – sur, porque é moi necesario.
- ✳ Fortalecer a interacción entre as mulleres do Sur e do Norte. A exposición é un resultado que favorece a conversa. Pero bótase en falta a interacción a tempo real, é un reto conseguir a presencialidade e conseguir o financiamento para conseguilo. É importante o contacto corporal.

De cara a poder ter unha visión máis completa do que supuxo a exposición tanto para as mulleres que participaron dela como para as persoas que puideron visualizala, botamos en falta poder ter información de primeira man delas. Así, consideramos interesante e necesario ter en conta no futuro a necesidade de establecer na avaliación do proxecto algún mecanismo que permita recoller os seus sentires e valoracións.

r1.4 [paz]

fomentado o intercambio de experiencias e capacidades como medio para o aumento do compromiso social e institucional coa equidade de xénero e a transformación social.

R4

paz

a partir do concepto de cultura de paz constrúese unha liña de traballo para cuestionarse o concepto de paz e guerra e apostar por comunidades libres de violencias, discriminacións e desigualdades. É dicir, este elas deciden camiña cun horizonte común que é a xustiza social.

o territorio artellouse a través de:

- manifesto “Elas Deciden: corpo, territorio e paz”
- xornadas de intercambio de experiencias e capacidades “Corpos e territorios en paz” na UDC
- xuntanzas con TdR e TdO

o que se planificou

RESULTADO 1.4. Fomentado o intercambio de experiencias e capacidades como medio para o aumento do compromiso social e institucional coa equidade de xénero e a transformación social.

Indicadores:

- IOV.RE 4.1.- No mes 10, publicadas 2 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.
- IOV.RE 4.2.- Ao remate da xornada, o 70% das persoas participantes (60% mulleres, 40% homes) manifesta que fomentou o intercambio de experiencias e capacidades.
- IOV.RE 4.3.- No mes 7, realizadas tres xuntanzas con TdR e tres xuntanzas con TdO.
- IOV.RE 4.4.- Ao longo da execución do proxecto, cando menos tres aparicións en medios de comunicación.

Consideracións xerais de partida reflectidas na liña de base

- Este resultado conta cunha redacción ampla e cun carácter xeral, o que dificulta a súa concreción e axuste á poboación destinataria. Para vindeiras ocasións recomendamos un nivel máis elevado de concreción que fíe cos IOV de impacto e amose coherencia coas actividades previstas.
- Os IOV deste resultado están formulados de forma clara e son medibles de xeito que axudan a intuír o alcance esperado, definíndose as fontes de verificación de forma axeitada.

o que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido

Logro	Indicadores
	IOV.RE 4.1. No mes 10, publicadas 2 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.
	IOV.RE 4.2. Ao remate da xornada, o 70% das persoas participantes (60% mulleres, 40% homes) manifesta que fomentou o intercambio de experiencias e capacidades.
	IOV.RE 4.3. No mes 7, realizadas tres xuntanzas con TdR e tres xuntanzas con TdO.  Pese a que se incrementou o número de xuntanzas con TdO, no que respecta aos TdO realizouse unicamente unha xuntanza das tres previstas.
	IOV.RE 4.4. Ao longo da execución do proxecto, cando menos tres aparicións en medios de comunicación.

Detalle dos indicadores

manifiesto

IOV.RE 4.1. No mes 10, publicadas 2 pezas audiovisuais sobre o Manifesto cun alcance medio de 50 visualizacións.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e das redes sociais


Tal e como estaba previsto, publicáronse un total de 2 pezas audiovisuais sobre o Manifesto “Elas deciden: corpo, territorio e paz” nas que se difundiu o terceiro elemento: paz.

As publicacións realizadas foron:

Publicación	Data	Visualizacións/alcance
Parte 9. Publicación compoñente Paz.	07/06/2024 Mes 9 do proxecto	Facebook: 30 Instagram: 201
Parte 10. Peza audiovisual compoñente Paz	17/06/2024 Mes 9 do proxecto	Instagram: 108

Compartimos a continuación as publicacións realizadas:

07/06/2024. Parte 9 - Publicación compoñente Paz.





xornadas de intercambio de experiencias e capacidades na UDC

IOV.RE 4.2. Ao remate da xornada, o 70% das persoas participantes (60% mulleres, 40% homes) manifesta que fomentou o intercambio de experiencias e capacidades.

📌 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e cuestionarios.*

Entre os días 3 e 10 de abril as activistas polos dereitos das persoas socializadas como mulleres en El Salvador e Honduras, Wendy Raquel Castillo Villeda e Alba Esperanza Mejía Medina, estarán de xira por Galicia, cunha axenda na que se inclúen faladoiros abertos público, reunións institucionais, xornadas de encontro e intercambio con colectivos feministas e pola paz galegos, así como actividades formativas sobre teatro da oprimida e seguridade dixital con perspectiva de xénero.

Esta visita de varios días por diferentes localidades galegas forma parte do proxecto Elas Deciden, da ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz Galicia, que este ano celebra a súa terceira edición e xira arredor dos conceptos corpo, territorio e paz, tres elementos integrados e necesarios para acadar a equidade de xénero e, por ende, a xustiza social.

A xornada de intercambio de experiencias e capacidades co alumnado da materia de “Educación para a paz” do Grao en Educación Social da UDC tivo lugar o 3 de abril e levou por nome “**Corpos e territorios en paz**”.

Inicialmente estaba prevista unha duración maior das xornadas así como a participación de persoal doutras delegacións de ACPP (Catalunya e Euskadi) xunto coas activistas.

Finalmente, reduciuse a xornada para adaptala tanto as necesidades da entidade como da propia universidade.

Para poder valorar o grao de cumprimento do indicador, ao final da xornada o alumnado participante respondeu a unha serie de cuestións que lles formulamos nun cuestionario. Obtivéronse un total de 19 respostas (16 mulleres, 2 home e 1 dunha persoa de xénero fluído).

Unha das cuestións que lles pediamos no cuestionario, era puxeran un **titular ao encontro** que sintetizase o encontro coas activistas. As grandes conclusións que extraemos desta pregunta sos as seguintes:

- ➔ A gran parte dos titulares apelan á construción de paz a partir da escoita e intercambio de saberes con mulleres de diferentes realidades. Así, conceptos que se repiten neste caso teñen que ver coa paz, multiculturalidade, intercambio, saberes, construción.
- ➔ Outra parte dos titulares fan referencia aos conceptos chave: corpo, territorio e paz.
- ➔ Algúns dos titulares inclúen o concepto dos feminismos.
- ➔ As que menos fan referencia ás historias de vida.

Así, valoramos que a xornada si posibilitou a consecución deste indicador.

A sistematización das respostas pode verse no [anexo III](#).

xornadas con TdR e TdO

IOV.RE 4.3. No mes 7, realizadas tres xuntanzas con TdR e tres xuntanzas con TdO.

📌 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e mesa de traballo.*

Este indicador está vinculado á visita Wendy Raquel Castillo Villeda e Alba Esperanza Mejía Medina, activistas polos dereitos das persoas socializadas como mulleres en El Salvador e Honduras, que tivo lugar entre os días 3 e 10 de abril do ano 2024

Tal e como se indica na formulación do proxecto, *este ten unha forte compoñente de incidencia social e política. Polo tanto, faise necesario realizar unha intervención directa con titulares de obrigas, neste caso, a nivel autonómico e local.* Así, prevíanse 3 xuntanzas con titulares de obrigas, **TdO**, co obxectivo de crear un espazo para compartir experiencias de traballo entre entidades do Sur e titulares de obrigas en Galicia, ademais de coñecementos e ferramentas que poidan fortalecer o traballo que se realiza en terreo.

A previsión inicial era manter xuntanzas coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por ser este o órgano con competencias específicas en materia de cooperación exterior en Galicia; coa Secretaría xeral de Igualdade; e, no ámbito municipal, propóñense xuntanzas con representantes do Consello Municipalista, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Finalmente, só tivo lugar a xuntanza prevista coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. Esta celebrouse o luns 8 de abril ás 11 horas.

No que respecta ás xuntanzas previstas con titulares de responsabilidades, TdR, isto é, coas colectivas feministas cas que colabora a entidade, celebráronse un total de 4 xuntanzas nas que participaron un total de 4 colectivas feministas e 2 colectivas LGTBIQ+.

- A primeira xuntanza consistiu nun obradoiro de seguridade dixital celebrado na cidade da Coruña o 4 de abril con ALAS, asociación da Coruña polos dereitos da persoas LGTBI.
- O segundo encontro tivo lugar o día 5 de abril en Ferrol co colectivo Avante LGTB + Ferrolterra. Este consistiu na realización dunha ruta polo “Ferrol desviado”, guiada pola cooperativa Rexenerando.
- A terceira xuntanza tivo lugar en Vila de Cruces o 6 de abril do 2024 ás 11 horas. Esta xuntanza consistiu nun encontro cos colectivos feministas galegos Azos Feministas (Lalín) e Levedar (Vila de Cruces).
- E a cuarta xuntanza tivo lugar en Santiago de Compostela o 10 de abril e consistiu nun obradoiro coa asociación Feministas de Catoira e co colectivo Unión de Muchachas de Boiro.

IOV.RE 4.4. Ao longo da execución do proxecto, cando menos tres aparicións en medios de comunicación.

📌 *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e mesa de traballo.*

Ao longo do proxecto, e en relación coa visitas das activistas do Sur, houbo numerosas aparicións en medios de comunicación. A continuación facemos unha recompilación das mesmas partindo da información aportada por Maos Innovación Social, entidade responsable da comunicación no marco da visita.

Impacto en medios:

- **04.01.2024.-** Azos Feministas y Levedar unen fuerzas con el feminismo latinoamericano. *Faro de Vigo*. [Ver](#)
- **04.04.2024.-** Wendy Castillo Villeda, activista salvadoreña: «El movimiento feminista siempre es el que da la cara ante la falta de derechos». *La Voz de Galicia*. [Ver](#)
- **04.04.2024.-** - Entrevista a Olga Romasanta en Voces de Ferrol. *Radio Voz Ferrol*. [Escoitar](#)
- **04.04.2024.-** Entrevista a Alba Esperanza Mejía e Wendy Castillo. *Cuac FM*. [Escoitar](#)
- **11.04.2024.-** Galiza tece alianzas co feminismo de Honduras e O Salvador: "Somos as mulleres as que poñemos o corpo para a loita". *Nós Diario*. [Ver](#)
- **02.09.2024.-** Videoentrevista: Feminismo e DDHH en América Latina. *Toxio.gal*. [Ver](#)

o que vemos cando tiramos do fío da paz

Para elaborar este apartado, traemos aquí os retos identificados na liña de base para dar resposta e ver se o proxecto foi quen de responder a eles.

O gran desafío deste resultado era o de conseguir que as xuntanzas e actividades realizadas no marco da visita das activistas do Sur e que posibilitan o encontro entre as axentes do Sur Global e do Norte Global, fosen coidadosas, amorosas e seguras.

Neste caso, o foco estaba posto no benestar das aliadas do Sur Global que vivirían unha experiencia fóra do seu territorio e nun contexto cultural alleo. Así, poñíase o foco na necesidade de xerar espazos seguros, coidadosos e respectuosos cos seus ritmos e tempos.

Marcábase como obxectivo de partida xerar seguridade nun contexto onde habitan relacións de poder entre os axentes institucionais do Norte e as aliadas do Sur.

Para valorar se o proxecto foi quen de dar resposta ao reto identificado, mantivéronse entrevistas con Alba Esperanza Mejía e Wendy Castillo. Compartimos a información máis relevante:

■ Cuestións a destacar na viaxe, que se levan de volta e que destacan

En xeral, destaca unha valoración moi positiva sobre a xestión de ACPP á hora de establecer a axenda fiando os tres piares do proxecto: corpo, territorio e paz. Así mesmo, ponse en valor o espazo que se lle concedeu para alzar a súa voz e describir

as súas experiencias. Neste censo, destaca o rol desenvolvido pola coordinadora do proxecto.

Para continuar apúntase a un compoñente emocional onde se pon énfase nos vínculos e afectos construídos entre as compañeiras de América e coa equipa de ACPP.

Para finalizar, ponse o foco nos espazos de intercambio onde coñecer outras iniciativas, realidades e problemáticas das mulleres e colectivos galegos.

Alba Esperanza Mejía e Wendy Castillo

En general estoy muy agradecida que nos acompañara ella, sobre todo por la libertad, acompañamiento y respaldo que nos dio de sentir, expresar nuestras vivencias o lo que estuviéramos desarrollando según el caso.

En mi caso son muy emocional y la verdad pasan los días y aun estoy muy emocionada y conmovida por todo lo vivido, amé estar en Fontao con esas mujeres tan bellas, impresionantes, valientes que me robaron el corazón.

Me encantó esa complejidad de captar tan detalladamente una agenda que respondiera justamente al tema de cuerpo, territorio y paz desde los sentires, academia, titulares de obligación, mujeres, espacios feministas y juventudes.

■ Cuestións para destacar: o máis satisfactorio e o que se cambiaría.

O máis satisfactorio son cuestións tales como:

- Xestión de axenda, espazos
- A xestión de cada espazo onde se percibe o traballo coidado de toda a equipa de ACPP.

O que se cambiaría:

- Máis visitas a realidades rurais e máis tempo para realizar espazos de intercambios de experiencias e de saberes.

■ Organización, planificación, axenda: a participación en igualdade de condicións á hora de coordinar e tomar decisións coas compañeiras de ACPP.

Valoracións positivas das indagacións previas a través de reunións virtuais para planificar actividades como o taller de coidados dixitais ou o de teatro das persoas oprimidas. Igualmente, valórase o grupo de whatsapp para favorecer a comunicación.

Alba Esperanza Mejía e Wendy Castillo

Mucho tiempo atrás estuvimos en comunicación con Raquel, nos explico una y mil veces toda la logística, nos permitió elegir, participar y opinar en cada una de las reuniones y participaciones, siempre tomó en cuenta como nos sentíamos y las necesidades puntuales que pudiéramos tener.

■ **A xestión da axenda de actividades de intercambio de saberes e experiencias onde participaron axentes da Universidade, colectivas feministas ou cooperativas.**

En xeral, todos os espazos son ben valorados e se destaca a reciprocidade á hora de intercambiar experiencias e saberes. O espazo menos valorado neste senso é o da academia. En contrapartida, o espazo desenvolvido para viaxar a través da memoria histórica de Ferrol é moi ben valorado en diferentes ocasións.

Alba Esperanza Mejía

Para mí, la mayoría de las jornadas fueron satisfactorias, en todos los espacios sentí una actitud de escucha activa e interés, pero en algunos hubo más intercambio en ambas direcciones, en los espacios académicos fue más de escucha y poco intercambio.

■ **Valoración dos espazos compartidos coas colectivas feministas.**

Os espazos con colectivas feministas foron os mellor valorados como espazos seguros e amigables. Púxose énfase en que existen moitas experiencias compartidas, poñendo valor en valores que atravesaron este espazo, tales como a empatía ou a solidariedade.

Alba Esperanza Mejía e Wendy Castillo

En nuestros países imaginamos que como están en Europa están por sentados todos los derechos, esta más que demostrado que no importa en la región que sea las mujeres sufrimos esa violencia machista en menor o mayor grado, al final no es competencia de quien sufre más, si no mas bien en que coincidimos y como cada una desde su lucha realiza cambios importantes. Algo que tenemos en común aquí y en donde sea es la necesidad que tenemos de contar nuestras historias, lo que nos ha lastimado desde niñas, escucharnos, abrazarnos y darnos mucho amor.

■ Espazos compartidos con axentes institucionais: valoracións sobre o potencial para interlocutar e a capacidade para alzar as voces e ser escoitadas.

Considérase que foron espazos onde se lle concedeu voz e foron escoitadas. Poñen énfase no valor e o carácter estratéxico destes espazos á hora de que as institucións coñezan a realidade das súas comunidades. Senten que estes espazos foron tal grazas á relación previa que existe entre ACPP e as institucións.

Alba Esperanza Mejía e Wendy Castillo

Creo que fueron muy importantes estas visitas sobre todo por que experimentan de primera mano el trabajo que realizados en esta región. No es lo mismo que lo cuenten ustedes a que lo digamos nosotras que lo desarrollamos aquí, gracias a sus gestiones.

■ Os medios de comunicación: valoracións sobre a relación con eles e capacidade de sensibilización.

En xeral, percíbese que os medios de comunicación foron coidadosos e que se pode alcanzar impacto nas súas comunidades. Agora ben, tamén confesan que as estratexias de difusión das súas organizacións ou colectivas teñen certas debilidades.

Alba Esperanza Mejía

Los espacios con los medios de comunicación fueron respetuosos, incluso cálidos, me sentí respetada. Sobre el impacto en los países, realmente no lo sé, es posible que a nosotras de CDM nos faltó una mayor difusión aquí en Honduras.

Si, creo que los contenidos pueden ser de utilidad para colocar temas que son relevantes para las colectivas y las comunidades con las que trabajamos.

Comentarios abertos finais...

Nas diferentes respostas e comentarios feitos tanto por Alba Esperanza Mejía como por Wendy Castillo, percíbese coma unha experiencia moi positiva e recomendable. Os aspectos que se valoran especialmente son

- Coñecemento doutras realidades, problemáticas e metodoloxías de traballo.
- Apertura de mente e impacto positivo para continuar cos seus proxectos nas súas comunidades.
- Agradecemento a ACPP por toda a xestión do proceso.
- Vínculos, afectos e emocións vividas.

obxectivo específico

o que se planificou

OE: Promover a equidade de xénero facilitando espazos de reflexión crítica e aprendizaxes significativas para imaxinar e construír colectivamente alternativas de xustiza social.

Indicadores:

- IOV OE 1.1. Ao longo da execución fortalecida a apropiación da equipa técnica co proxecto e as súas implicacións na procura da xustiza social global.
- IOV OE 1.2. Durante a execución do proxecto, activistas do Sur participan na coordinación e toma de decisións.
- IOV OE 1.3. No desenvolvemento do proxecto, fomentada a reflexión crítica e sensibilización social mediante unha campaña de comunicación con impactos tanto en redes sociais (500 visualizacións) como en, cando menos, tres medios de comunicación.
- IOV OE 1.4. Ao remate do proxecto, o 90% das persoas participantes en procesos formativos (80% mulleres, 20% homes) consideran que obtiveron aprendizaxes significativas e metodoloxías transformadoras.
- IOV OE 1.5. Ao longo do proxecto, fomentado o intercambio de experiencias entre mulleres e activistas do Sur-Norte global.
- IOV OE 1.6. No remate do proxecto, aumentado o compromiso social e institucional para a equidade de xénero.
- IOV OE 1.7. Ao finalizar o proxecto, garantidas as posibilidades de sustentabilidade e continuidade do proxecto.

Consideracións xerais de partida reflectidas na liña de base

- A nivel xeral, a formulación do proxecto responde a unha lóxica causal, o que expresa coherencia.
- De cara a poder valorar se o proxecto consegue o efecto que se espera lograr, valoramos que o OE formulado resulta moi amplo e pouco concreto. Así, suxerimos mudar a súa redacción para unha definición máis concreta incluíndo na súa formulación a resposta ás preguntas: quen? e onde?
- Faise un esforzo por cuantificar o impacto esperado e incorpóranse algúns indicadores nesta liña mais non todos os indicadores son alcanzados a ser

cuantificables ou medibles. Isto trae consigo algún risco para garantir que se consiga cuestións tan amplas como por exemplo: "aumentar o compromiso social e institucional" ou "garantir a sustentabilidade do proxecto".

o que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido
	Indicador que non podemos medir

Logro	Indicadores
	IOV OE 1.1. Ao longo da execución fortalecida a apropiación da equipa técnica co proxecto e as súas implicacións na procura da xustiza social global.
	IOV OE 1.2. Durante a execución do proxecto, activistas do Sur participan na coordinación e toma de decisións.
	IOV OE 1.3. No desenvolvemento do proxecto, fomentada a reflexión crítica e sensibilización social mediante unha campaña de comunicación con impactos tanto en redes sociais (500 visualizacións) como en, cando menos, tres medios de comunicación.
	IOV OE 1.4. Ao remate do proxecto, o 90% das persoas participantes en procesos formativos (80% mulleres, 20% homes) consideran que obtiveron aprendizaxes significativas e metodoloxías transformadoras.
	IOV OE 1.5. Ao longo do proxecto, fomentado o intercambio de experiencias entre mulleres e activistas do Sur-Norte global.
	IOV OE 1.6. No remate do proxecto, aumentado o compromiso social e institucional para a equidade de xénero.
	IOV OE 1.7. Ao finalizar o proxecto, garantidas as posibilidades de sustentabilidade e continuidade do proxecto.

Fiada sobre os indicadores

➤ IOV OE 1.1. Ao longo da execución fortalecida a apropiación da equipa técnica co proxecto e as súas implicacións na procura da xustiza social global.

Tal e como se sinalaba na liña de base, resulta complexo poder medir o impacto e a consecución deste indicador debido á da súa redacción.

Ao longo do traballo de campo, e a través das diferentes ferramentas empregadas nas que se recolleron as valoracións da equipa técnica do proxecto, quedou recollido o forte vínculo que hai entre a equipa e o proxecto, o que vén a mostrar unha apropiación do mesmo.

➤ IOV OE 1.2. Durante a execución do proxecto, activistas do Sur participan na coordinación e toma de decisións.

As dúas activistas do Sur, Alba Esperanza Mejía e Wendy Castillo, participaron na coordinación e na toma de decisións en relación coa súa visita no mes de abril do ano 2024. As súas valoracións, que foron moi positivas, ao respecto do traballo de coordinación, poden verse no apartado [o que vemos cando tiramos do fío da paz](#).

➤ IOV OE 1.3. No desenvolvemento do proxecto, fomentada a reflexión crítica e sensibilización social mediante unha campaña de comunicación con impactos tanto en redes sociais (500 visualizacións) como en, cando menos, tres medios de comunicación.

Ao longo do proxecto, a comunicación tivo un papel importante. Así, realizáronse diferentes publicacións vinculadas tanto ao Manifesto como ás diferentes actividades e accións relacionadas co proxecto, poñendo especial fincapé na comunicación vinculada ás activistas do Sur.

➤ IOV OE 1.4. Ao remate do proxecto, o 90% das persoas participantes en procesos formativos (80% mulleres, 20% homes) consideran que obtiveron aprendizaxes significativas e metodoloxías transformadoras.

A satisfacción das persoas participantes nos diferentes procesos formativos dos que constou o proxecto foi alta.

Así, as persoas participantes tanto na formación "*Corpo, territorios de paz: o clown como territorio*" como na Xornada na Universidade da Coruña con alumnado en materia de "*Educación para a paz*" e a *Formación interna en metodoloxía de cartografías sociais "corpo - territorio"* consideran que obtiveron aprendizaxes significativas e metodoloxías transformadoras.

➤ IOV OE 1.5. Ao longo do proxecto, fomentado o intercambio de experiencias entre mulleres e activistas do Sur-Norte global.

Ao longo do proxecto tiveron lugar diferentes espazos nos que se fomentou o intercambio de experiencias entre mulleres e activistas do Sur-Norte Global. A axenda de actividades no marco da visita Wendy Raquel Castillo Villeda e Alba Esperanza Mejía Medina foi extensa, posibilitándose múltiples espazos de encontro.

Así mesmo, a actividade relacionada coa exposición de Mulleres do mar, posibilitou o fomento e o intercambio de experiencias entre as mulleres que traballan no mar tanto no Norte coma no Sur.

➤ IOV OE 1.6. No remate do proxecto, aumentado o compromiso social e institucional para a equidade de xénero.

Tal e como se sinalaba na liña de base, a medición deste indicador resulta complexa na medida en que está redactado de maneira xeral e ampla. Neste sentido, para poder valoralo, revisouse toda a documentación do proxecto, especialmente das diferentes actividades que configuraban o mesmo. A este respecto, a entidade conta con cartas de compromiso das diferentes entidades que participaron do proxecto.

Así, valoramos que en liñas xerais o proxecto contribuíu a aumentar o compromiso social e institucional das persoas, entidades e institucións que formaron parte del nas diferentes formas de participación que ofrece o mesmo.

Porén, tamén valoramos necesario para vindeiras formulacións do *elasdeciden*, mudar a redacción deste indicador para posibilitar a medición do seu impacto. Unha proposta para facelo sería:

- ➔ No remate do proxecto, aumentado o compromiso social (indicar de quen) e institucional (indicar de que institución/s) para a equidade de xénero a través de (indicar como se vai a concretar dito compromiso).

IOV OE 1.7. Ao finalizar o proxecto, garantidas as posibilidades de sustentabilidade e continuidade do proxecto.

Para poder medir o impacto deste indicador, propúxose na liña de base do proxecto incorporar unha serie de ítems que o facilitasen.

👉 ***Nº de aliadas desagregadas por sector ou ámbito (titulares de dereitos, titulares de responsabilidades, titulares de obrigas e aliadas)***

No apartado as persoas que habitaron o elasdeciden, realizamos unha relación de aliadas tendo en conta o sector de procedencia. Revisando o mesmo, pódese observar como o elasdeciden se nutre de múltiples aliadas coas que se tecen redes profundas e coas que se vai trazando un camiño baseado na comunicación, na escoita e nas aprendizaxes.

👉 ***Nivel de satisfacción das axentes identificadas coa súa participación no proxecto.***

Para poder medir o nivel de satisfacción de todas as axentes que formaron parte do proxecto empregáronse diferentes ferramentas tales como a entrevista e o desenvolvemento dunha mesa de traballo e reflexión. Así, tal e como pode verse no detalle de cada unha delas, o nivel de satisfacción das persoas que son parte do proxecto é moi elevado, poden comprobarse nas diferentes reflexións que hai un vínculo tanto co proxecto como coa entidade.

👉 ***Nº de participantes por actividade realizada desagregado por identidade de xénero e tipo de colectivo ao que pertencen e nivel de satisfacción.***

Para poder medir o nivel de satisfacción das persoas que participaron nas diferentes actividades do proxecto empregáronse ferramentas de avaliación como enquisas e cuestionarios. No detalle de cada unha das actividades presente neste documento no indicador correspondente, pode comprobarse o número de participantes con detalle de identidade ou expresión de xénero e colectivo ao que pertencen. Así mesmo, tamén se recolle o nivel de satisfacción que é alto en todas elas.

Desta maneira, o análise dos diferentes elementos permite apuntar que o proxecto conta cunha ampla rede tanto de aliadas como de persoas participantes que dan garantías de sustentabilidade e continuidade do proxecto ao apreciarse un vínculo co proxecto e coa entidade. Así mesmo, a entidade estivo traballando nun proposta de continuidade e diversificación de financiamento de "Elas deciden", o que contribuirá a que isto sexa así.

o que vemos cando tiramos do fío do obxectivo específico

Os retos identificados na liña de base eran...

Un dos maiores desafíos e retos deste proxecto ten que ver con acadar os resultados esperados e así poder contribuír ao obxectivo específico do proxecto.

Tal e como se apuntou na revisión do sistema de indicadores realizada na liña de base, a formulación tanto do OE como do R2, R3 e R4 son amplas e pouco concretas, o que de partida dificultaba valorar se realmente coas actividades previstas se ía a poder alcanzar os resultados esperados e con eles alcanzar o obxectivo previsto.

Así mesmo, na liña de base tamén se apuntaba a que os resultados esperados no proxecto resultan moi ambiciosos ademais de pola súa insuficiente concreción e axuste ao contexto e poboación destinataria, tamén polo do carácter puntual de parte das accións previstas. Deste xeito, se ben nesta liña de base se tratou de axustar o proxecto á poboación destinataria o reto segue sendo dar resposta a se realmente coas accións previstas no marco do proxecto foi posíbel acadar o impacto esperado.

Dende o equipo de avaliación sabemos da complexidade de poder medir o impacto cando falamos de proxectos que buscan a sensibilización social, traballan dende o comunitario e tecen redes de aliadas poñendo o foco no miúdo, nos fíos fortes que non se ven, na importancia de deixar pegada, no avance desde os feminismos e os coidados. Mais valoramos necesario situar estes eixes que son o corpo do proxecto tamén na redacción para así evidenciar a importancia do pequeno e miúdo e expresar con claridade e concreción o alcance que se pretende conseguir.

a modo de peche

A partir do traballo de campo e a análise da información, elaboramos un pequeno esquema no que recollemos as aprendizaxes de todo o proceso para facer achegas que axuden ao *elasdeciden* a seguir camiñando.

Ao igual que noutras avaliacións, gran parte destas aprendizaxes beben da mesa de traballo compartida polas diferentes voces que foron parte do proxecto e na que se fiaron sentires e pensares. Tamén tiramos do fío das reflexións da avaliación do anterior *elasdeciden*, para recoller as súas achegas e nutrir esta nova proposta.

Cada un dos apartados, remata cunha serie de preguntas reflexivas que lanzamos para o *elasdeciden*. Pensamos que as súas respostas poden axudar a pensar o futuro do *Elas Deciden*. A nosa pretensión non é que todas as preguntas vaian logrando as súas respostas, senón evocar reflexións que poidan fiar un horizonte para o proxecto.

sobre o garante da vida

Se hai algo que se palpa ao longo de todo o proceso de avaliación é que o *elasdeciden* foi capaz de facer algo complexo, o de conseguir que os diferentes procesos que garanten a vida do proxecto foran coidados e resultasen coidadosos para as persoas que forman parte deles.

Así, obsérvase como o feminismo que envolve todo o proxecto tamén está presente no interno, no que non se ve, no que pasa desapercibido e que o fai posíbel.

Eva, de Puraquitería apunta a que a nivel de coordinación valora a autonomía e a capacidade de toma de decisións que lle outorgou Raquel. Para ela, a autonomía favorece a apropiación do proxecto, que te sintas parte e que sintas que se está valorando o coñecemento colectivo.

Xiana, de Maos valora moitísimo a capacidade de toma de decisións, autonomía e toma de decisións.

Rosa e Ana de Cidadanía están moi agradecidas pola confianza, sentíronse moi respaldadas.

Isto tamén se recolle nas respostas dadas polas activistas do Sur que visitaron Galicia e cuxa viaxe sempre supón un reto en canto aos coidados, como se recollía na liña de base:

Wendy Castillo cóntanos que:

Todo estuvo muy pensado y reconozco la entrega y trabajo del equipo de ACCP Galicia, por hacernos sentir en casa en cada momento, por cuidarnos, llevarnos, traernos, solventar todas nuestras necesidades. Bien elaborado todo.

La verdad que desde uhhhhh mucho tiempo atrás estuvimos en comunicación con Raquel, nos explicó una y mil veces toda la logística, nos permitió elegir, participar y opinar en cada una de las reuniones y participaciones, siempre tomó en cuenta como nos sentíamos y las necesidades puntuales que pudiéramos tener.

E Alba Esperanza Mejía di que:


Me siento muy satisfecha con todos los aspectos de la visita, tanto de la agenda, como la organización logística.

Tuvimos dos reuniones virtuales previas en las que pudimos conocer la agenda y aportar en su creación, Raquel de ACCP nos hizo preguntas sobre nuestras experiencias de vida y trabajo y así identificamos algunas actividades en las que cada una podía aportar. También estuvimos en contacto constante por el grupo de WhatsApp para coordinar detalles del viaje y otras aspectos logísticos.

Tal e como se recolle no análise do R1, conseguir garantir a vida é complexo nun proxecto amplo, no que hai diferentes persoas e entidades que o habitan dende lugares e modos de participar diferentes e no que ademais contamos con múltiples e diferentes actividades que requiren actuacións e ferramentas diversas. Podemos dicir que este elasdeciden o conseguiu, pese aos diferentes retos aos que tivo que facer fronte como a redución de xornada da súa coordinadora.

Unha das cuestións que se valora podería contribuír ao garante da vida do proxecto sería o de sumar un futuro proceso de identificación colectivo no que participasen todas as entidades que son parte do proxecto e o acompañan.


Algunhas preguntas que poden axudar a fiar un horizonte para o proxecto:



Como podemos seguir traballando para mellorar a coordinación do proxecto tendo en conta o reto que supón un proxecto con múltiples e diversas persoas habitantes? Podería incorporarse ao proxecto un proceso de identificación colectivo?



É posíbel implicar as colaboradoras contratadas na globalidade do proxecto?
Ten sentido facelo? Como se pode facer?



É posíbel implicar as colaboradoras participantes na globalidade do proxecto?
Ten sentido facelo? En caso afirmativo, como se pode facer? En caso negativo, cal debe ser o seu rol?



Como seguir incorporando os eixes vertebradores do proxecto (feminismos, enfoque decolonial...) no proxecto tanto no cara dentro como no cara fóra?

sobre os fíos do corpo, o territorio e a paz

Cando realizamos a avaliación da edición anterior do *elasdeciden*, unha das cuestións que se compartiron na mesa de traballo foi:

O Elas deciden é un proxecto que trata de traer ás aprendizaxes do Sur ao Norte tanto á hora de abordar cuestións relacionadas co enfoque de dereitos, como á hora de traer novas maneiras de facelo. Isto supón un marco que aposta polo decolonialismo feminista, tratando de escapar ás lóxicas coloniais situando ás persoas do Sur como referentes e incorporando expresións e propostas para a revisión.

Nesta edición do proxecto, esas aprendizaxes fiáronse a través do corpo, o territorio e a paz, buscando a través destes fíos non só traer as aprendizaxes do Sur senón tamén dar ao proxecto un fío condutor lle dese unión a todas actividades e accións do proxecto. Fíxose ademais un esforzo extra para achegar o proxecto a través do Manifesto creado.

Ao respecto disto, valórase que estes tres fíos contribuíron a que o proxecto funcionase de maneira global coma un todo ben engraxado e posibilitaron traer as achegas do Sur ao Norte dende a súa propia concepción. Así mesmo, este marco de traballo posibilitou tamén que a proposta puidese recoller o marco amplo de accións, actividades e participantes que se desenvolven no proxecto.

Como ben narra Wendy Castillo:

Me encanto esa complejidad de captar tan detalladamente una agenda que respondiera justamente al tema de cuerpo, territorio y paz desde los sentires, academia, titulares de obligación, mujeres, espacios feministas y juventudes.

Esta base do proxecto supuxo tamén diferentes retos vinculados especialmente á complexidade de trasladar e explicar o seu significado complexo ao público xeral e ás persoas participantes das diferentes actividades. Esta dificultade foi manifestada tanto por Xiana, a responsable da comunicación da visita das activistas do Sur, coma por as compañeiras de Cidadanía que desenvolveron a exposición fotográfica que conectaba ás mulleres do mar galegas coas de El Salvador. Así mesmo, tamén pode observarse nas respostas dadas polas persoas que participaron nas diferentes actividades do proxecto, nas que se observa esforzo e dificultade para entender cada un dos termos concretos, como a relación entre eles e como iso dá forma á globalidade do proxecto.

Así, valórase que o reto está en seguir achegando as aprendizaxes do Sur ao Norte dende a súa complexidade e riqueza, mais dun xeito que posibilite ás persoas entender de que se fale e non supoña unha barreira. Esta reflexión segue a liña das feitas na anterior avaliación do proxecto, na que se falaba, ao respecto do “ativismo” sobre a necesidade de valorar se o feito de achegalo pode contribuír a alcanzar os obxectivos fixados ou desvíalos esforzos que non contribúen a facelo.

Tendo en conta isto, compartimos unha serie de preguntas ara contribuír a reflexionar sobre o futuro do proxecto:



No futuro o Elas deciden quere seguir tecendo estes fíos ou, ao igual que con outras aprendizaxes que veñen do Sur foi o fío vertebrador deste proxecto mais noutras edicións achegaranse outros?



Axudou a creación do manifesto para fiar ao interno sobre o corpo-territorio-paz? Axudou o manifesto para explicar ao externo o proxecto e o corpo-territorio-paz? Valórase como unha alternativa positiva o seu emprego en futuras edicións do *elasdeciden*?



Un dos obxectivos que se marcaba ao inicio do proxecto era o de reposicionar a ACPP como entidade en relación ao tema da Paz. Valórase que o *elasdeciden* conseguiu este obxectivo? Valórase que posibilitou visibilizar o traballo que a entidade desenvolver a prol da cultura de paz?

sobre as actividades do elas deciden

En relación ás diferentes actividades que dan forma a un proxecto amplo como é o elasdeciden, obsérvase que esta edición do proxecto as mesmas teñen a súa base nas reflexións xurdidas da anterior edición. Así, entre as valoracións que se facían destacan:

- *Valórase como importante no proxecto seguir a manter o equilibrio entre as actividades “confort” de ACP, isto é, unha tipoloxía de actividades que a entidade leva desenvolvendo ao longo da súa traxectoria (exemplo: actividades documentais sobre os proxectos que a entidade desenvolve no Sur) e a incorporación de novas actividades e de novos retos.*
- *Manter as visitas do Sur xa que funcionan (son un elemento que ademais entronca coa identidade de ACP, é un elemento que adoita estar presente nos proxectos de EpD que realizan).*
- *Poñer en valor as formacións de balde así como indagar previamente cos axentes claves que formato de formación podería interesarlle para garantir que as actividades que vaian nesta liña podan desenvolverse cun número mínimo de inscricións.*

Así vemos no proxecto como estas tres ideas son a base que configuran as actividades que artellan o corpo (formacións de balde), o territorio (actividades que entroncan co traballo que ACP desenvolve no Sur) e a paz (visitas de activistas do Sur).

Entre os retos que identificamos no eido das actividades queremos destacar dous:

- Un dos retos poderíamos situalo na dificultade de equilibrar o peso que teñen as diferentes actividades do proxecto. Así, obsérvase como algunhas accións desenvoltas teñen un impacto limitado ao realizarse de forma puntual.
- O segundo dos retos ten que ver co feito de conseguir que o proxecto e o seu obxectivo non acaba diluído entre tantas e tan variadas actividades dirixidas a un público moi diverso. Isto é, como facer que realmente o feito de abordar a sensibilización dun xeito amplo a través de accións diversas, dirixidas a un público amplo e que contan con múltiples aliadas sexa unha riqueza para o proxecto e non acabe por diluílo.

Tendo en conta isto, compartimos unha serie de preguntas ara contribuír a reflexionar sobre o futuro do proxecto:

as actividades innovadoras



Valórase seguir explorando o corpo a través de elementos innovadores como o clown ou as cartografías corpo-territorio ou valoración volver a retomar o mesmo dunha maneira máis tanxible como a través dos *dereitos sexuais e reprodutivos*?



Cando incorporamos formacións internas no devir dun proxecto de sensibilización social, como podemos asegurarnos que as aprendizaxes veñan a sumar tanto no propio proxecto como noutros da entidade? É pertinente poñer o foco no interno?



Cando incorporamos formacións externas que traballan con grupos pequenos, como as colocamos nun proxecto que ten obxectivos amplos e grandes? Se valoramos que son necesarias e consideramos que é así, dende o pequeno e dende os vínculos, como se transforma a realidade, como podemos transmitilo na formulación do proxecto para que haxa coherencia entre as actividades previstas, os resultados esperados e o obxectivo previsto?

actividades de intercambio



O Elas deciden quere seguir incorporando o territorio a través do fío que une ás mulleres do mar da Galiza e de El Salvador ou prefire tirar dun fío diferente?



Como facer que sexan as mulleres que participan (Norte – Sur) as que se apropien do proxecto? Valórase necesario incorporar o reto identificado no referido a incidir na horizontalidade na toma de decisións? Como facelo tendo en conta os tempos do proxecto?



Como se pode fortalecer a interacción entre as mulleres do Sur e do Norte? É posíbel incorporar unha interacción a tempo real de maneira presencial na que poda facilitarse o contacto corporal das mulleres? En caso de non ser posíbel, que outras formulas se poderían empregar? Como se pode sacar máis xugo a esa conexión norte – sur?



Como transmitir as aprendizaxes Norte-Sur ao resto da cidadanía? Redes sociais, encontros, medios de comunicación, novas fórmulas?

a visita do Sur



Quérese seguir tirando do fío da Paz a través do *elasdeciden*? En caso afirmativo, como seguir facéndoo?



Quere seguir ACPD apostando polas visitas de persoas do Sur? Con que obxectivo? Que aprendizaxes aportou neste senso a visita de Alba e Wendy?

sobre o propósito do *elas deciden*

Tal e como se reflexionaba na liña de base do proxecto, un dos piares relevantes deste *elas deciden* ten que ver coa relación co Sur Global, e con ter en conta as voces das compañeiras aliadas de ACPD para poder camiñar da man dende o nacemento do proxecto. Así, o *elasdeciden* véterase nos feminismos tratando de traer ás aprendizaxes das compañeiras do Sur ao Norte tanto á hora de abordar cuestións relacionadas co enfoque de dereitos como á hora de traer novas maneiras de facelo.

Valórase que nesta edición do *elasdeciden* este propósito está tan presente coma sempre e pálpase en cada actividade e cada unha das accións desenvoltas, así como nas relacións tecidas entre as diferentes aliadas e participantes do proxecto.

Co obxectivo de axudar a pensar en como pode continuar vertebrándose o proxecto neste propósito, achegamos unha serie de preguntas que pensamos poden alimentar a reflexión:




Este ano o vínculo coas colectivas feministas galegas fiouse a través de encontros e obradoiros no marco da visita das activistas de Honduras e El Salvador. Quérese seguir tirando deste fío con elas?



A relación coas colectivas é parte importante do proxecto e da entidade. É posíbel e desexábel establecer sinerxías máis profundas no marco dunha colaboración horizontal con elas? É posíbel e desexábel a participación na

toma de decisións do proxecto ou valórase que a colaboración debe seguir fiando na liña do acontecido neste proxecto?



Como formular e redactar o proxecto para que os seus resultados e obxectivos expresen con claridade e concreción o alcance que se pretende conseguir?



Valórase que o *elasdeciden* está asentado como proxecto e ten fío que o vertebra e lle dá a unidade que se buscaba? En caso afirmativo, cal é ese fío e como se pode expresar en palabras?



Ao respecto da comunicación e o emprego das redes sociais para dar visibilidade ao proxecto, debe seguir sendo un eixe central neste proxecto? Como se poden empregar tendo en conta as dúbidas e complexidades que as mesmas colocan para as persoas da equipa? Como facer uso das imaxes, base da actual comunicación a través das redes sociais, cando o seu uso non se axustas á sensibilidade do proxecto e do equipo?



Seguindo as aportacións feitas por Xiana ao redor da comunicación. Como vender ou transmitir termos complexos vinculados aos proxectos que se afastan da linguaxe empregada polos medios, como o abordado neste proxecto de *corpo-territorio-paz*? Cal pode o envoltorio que consiga trasladar a idea con outra linguaxe? Como conseguir non perder o foco do proxecto na comunicación cos medios? Como comunicar nos medios galegos información sensíbel en relación á realidade das persoas que veñen do Sur?

anexo I

Publicacións nas Redes Sociais de ACPG vinculadas ao IOV.RE 1.4.

13 Decembro 2023 - peza audiovisual presentación proxecto - Parte 1



acpp_galicia Corpo, territorio e paz

Que teñen que ver estes tres elementos?

A Asemblea de Cooperación Pola Paz en Galicia retomamos o proxecto "Elas deciden". Trátase dunha aposta da ACPG por establecer e afianzar redes e alianzas entre mulleres e organizacións feministas a un e outro lado desta "liña" Sur - Norte Global

Nesta edición, que xira arredor dos conceptos [#corpo](#), [#territorio](#) e [#paz](#), busca intercambiar experiencias e coñecementos, promover aprendizaxes mutuas e unir forzas na loita con obxectivos comúns

♦ Todo o proxecto está en consonancia co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 5 da [#Axenda2030](#)

A parte gráfica e emocional nas redes é mérito de [@puraquiteria](#)

[#elasdeciden](#)

13 de decembro de 2023 • [Ver tradución](#)

20 decembro - difusión formación clown

acpp_galicia

acpp_galicia Aaaaatención, atención!!!

"Corpo, territorio de paz: o clown como territorio"

Asemblea de Cooperación pola Paz propón unha actividade de formación-investigación que convida a investigar e fortalecer a conexión cos corpos, usando o estado "palasio" como inspiración e guía para o traballo. Para iso, contaremos coa guía e mirada amorosa de Anna de [@equilibrio_inestable](#).

Interésache?

📅 Venres 16 e sábado 17 de febreiro
🕒 Venres de 16 de 18:00 a 20:00. Sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00
Formación residencial no:
📍 Centro etnográfico Río Mandeo de Teixeira:
<https://goo.gl/maps/W4Bv48HT9KqCqG6>
📄 inscricións xa abertas!
🔗 link na bio

👉 O cartaz é cousa de [@convernia](#)

📌 Esta actividade enmárcase no proxecto "Elas Deciden", un proxecto de sensibilización e incidencia social financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e a Unión Europea da Xunta de Galicia na convocatoria de 2023.

👍 Les gusta a colectivos/as e outras persoas

20 de decembro de 2023

Agrega un comentario... [Publicar](#)

22 decembro - enlaces inscrición clown



acpp_galicia

acpp_galicia Queredes saber máis sobre a formación "Corpo, territorio de paz: o clown como territorio"?

📄 Velaquí tedes máis información!

Contidos e metodoloxías coherente para fomentar aprendizaxes transformadoras e reflexións significativas a través do clown

Inscricións abertas, link na bio! 📄

#ElasDeciden #acpp #mudamosasreglas #clown

53 sem Ver traducción

Les gusta a **alejandro_quinoa** y otras personas

22 de diciembre de 2023

Agrega un comentario...

Publicar

26 decembro - peza audiovisual corpo - Parte 2



acpp_galicia

acpp_galicia Sabes que o corpo é un territorio?

👉 De feito, é o primeiro territorio que habitamos

Imos explorar o #corpo como #territorio a través do clown con @equilibrio_inestable_e das cartografías corporais con @outonia.coop nesta edición do proxecto Elas deciden, queres explorar con nós? 📄

📄 A parte gráfica e emocional deste proxecto nas redes é mérito de @puraquiteria

52 sem Ver traducción

puraquiteria ❤️❤️❤️

52 sem 1 Me gusta Responder ...

Les gusta a **arabias.coop** y otras personas

26 de diciembre de 2023

Agrega un comentario...

Publicar

18 xaneiro - vídeo difusión clown



acpp_galicia

Original audio

acpp_galicia *Elas Deciden*

Escoitade o que nos conta Ana Soldevilla, de @equilibrio_inestable_e da formación!

A acollida está a ser espectacular, hoxe pechamos o prazo de inscrición.

Así que, se despois de escoitar a Ana xa non tedes dúbidas, bulide!!

#ElasDeciden #ACPP #clown #corpo #creatividade #mudamosasreglas

49 sem Ver traducción

Les gusta a **equilibrio_inestable_e** y otras personas

18 de enero


Agrega un comentario...

Publicar

22 febreiro - publicación corpo - Parte 3




26 febreiro - audiovisual con imaxes sobre a formación clown



19 marzo - peza audiovisual corpo - parte 4



25 marzo - publicación actividades 1ª semana visita Sur



Axenda de actividades
1ª semana
Visita a Galicia das activistas feministas Wendy Raquel Castillo Villeda e Alba Esperanza Mejía Medina

Corpo Territorio Paz

3 DE ABRIL

Universidade de A Coruña
ENCANTO CO ALUMNADO DE "EDUCACIÓN PARA A PAZ"

acpp_galicia

acpp_galicia 🍷 Listas para aprender das compañeiras "Wendy Raquel Castillo Villeda e Alba Esperanza Mejía Medina" novas formas e estratexias para nos apodera e coidar corpo como suxeito político?

Entre os días "3 e 10 de abril" darán boa conta do seu traballo en El Salvador e Honduras e axudáramos a identificar as múltiples formas que adoptan as violencia exercidas sobre os corpos das persoas socializadas como mulleres.

👉 Aquí vos deixamos parte das actividades que teremos a primeira semana. Agardamos venvos no encontro aberto "Educación social, corpos e territorios en paz" e no "Oradoiro.Ciudadanos dixitalis".

*Educación social, corpos e territorios en paz"
📅 Miércoles 3 de abril
🕒 De 17:00 a 20:00
📍 Centro Cívico da Cidade Vella, A Coruña

*Oradoiro.Ciudadanos dixitalis"
📅 Xoves 4 de abril
🕒 De 17:00 a 19:00
📍 Local de ALAS A Coruña (Rúa Cardenal Cisneros, 68, baixo esquerda), A Coruña
🔗 Inscripción: <https://ccv.org/hqz>
Colectiva Feminista @cdmhonduras

Les gusta a alejandro, quinoa y otras personas
25 de marzo

Agrega un comentario...

27 marzo - publicación actividades 2ª visita Sur



Axenda de actividades
2ª semana
Visita a Galicia das activistas feministas Wendy Raquel Castillo Villeda e Alba Esperanza Mejía Medina

Corpo Territorio Paz

8 DE ABRIL

Santiago de Compostela
REUNIÓN NA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES EXTERIORES

acpp_galicia

acpp_galicia 🍷 Novo adianto do que será a visita de Wendy Castillo e Alba Esperanza Mejía a Galicia. Eis algúns dos principais fitos en Compostela!


@colectivafeministasv @cdmhonduras

#ElasDeciden #ACPP #corpo #territorio #mudamosasreglas
39 sem Ver traducción

Les gusta a alejandro, quinoa y otras personas
27 de marzo

Agrega un comentario...

3 de abril - información sobre corpos e a actividade en educación social



Corpos como territorios vivos e históricos que aluden a unha interpretación cosmogónica e política, e onde habitan nosas feridas, memorias, saberes, desexos, soños individuais e comúns, e territorios como corpos sociais que están integrados á rede da vida e por tanto, a nosa relación cara eles debe ser concibida como "acontecemento ético" entendido como unha irrupción fronte ao "outro".

ADAPTACIÓN DE CRUZ HERNÁNDEZ

acpp_galicia

acpp_galicia 📖 Do individual ao social e do social ao individual. Un camiño en dous sentidos. Quere saber máis?

👉 Vémonos hoxe no encontro "Educación social, corpos e territorios e paz", HOXE. 🕒 de 17:00 a 20:00, no 📍 Centro Cívico da Cidade Vella, A Coruña.

#ElasDeciden #ACPP #corpo #territorio #mudamosasreglas
38 sem Ver traducción

Les gusta a minchachi y otras personas
3 de abril

Agrega un comentario...

4 abril - encontro na UDC - Educación Social



Corpo Territorio Paz

3 DE ABRIL
Encuentro na Universidade de Coruña con alumnado de "Educación para a paz".

acpp_galicia

acpp_galicia 🗨️ Onte iniciamos a axenda de encontros de Wendy Castillo e Alba Esperanza Mejía para falar sobre corpo, territorio e construción de paz.

🔥 Pouco cabe nas redes da potencia e dignidade do seu traballo en El Salvador (@colectivafeministas) e Honduras (@cdmhonduras) para o apoderamento das persoas socializadas como mulleres.

📖 Grazas pola súa xenerosidade, tamén ás compañeiras Sara e Jorya de Colombia (@forjandofuturos), coas que compartiron mesa.

#elasdeciden #paz #feminismo

Editado · 38 sem · Ver traducción

Les gusta a minchachi y otras personas

4 de abril

Agrega un comentario...

Publicar

5 abril - entrevista activistas CUAC FM



Corpo Territorio Paz

4 DE ABRIL
Entrevista en Ecuación, de CUAC FM.

acpp_galicia

acpp_galicia 🗨️ Non deixédes de escoitar a entrevista a Alba e Wendy en @cuacfm. Un gusto aprender delas e ampliar a visión das sobre a situación das persoas socializadas como mulleres no mundo, en concreto Honduras e El Salvador, e como reapropiarse do corpo para a construír o camiño cara a paz.

📄 <https://cuacfm.org/radioco/programmes/ecuacion/1x10/>

#elasdeciden #paz #feminismo #dereitoshumanos

38 sem · Ver traducción

Les gusta a alejandro_quinoa y otras personas

5 de abril

Agrega un comentario...

Publicar

8 abril - actividades visita 5 abril



Corpo Territorio Paz

5 DE ABRIL
Roteiro "Ferrol Desviado", con Rexenerando.

acpp_galicia

acpp_galicia 🗨️ Crónica dos días 5 e 6 de abril da visita de Alba e Wén:

📅 05.04.24/ Ferrol: @rexenerandocoop guiounos no relato de Ferrol Desviado, paseo pola memoria das disidencias sexuais na cidade, e pola tarde Alba impartiu un obradoiro de teatro da oprimida con @maquinariateatro.

📅 06.04.24/ Vila de Cruces: encontro cheo de emoción e sororidade con @azosfeministas e @levedar_colectivofeminista, e visitas ás @minasdbrea para coñecer unha historia non tan afastada!

🔥 Grazas ás colectivas que enriquecedes esta viaxe!

#elasdeciden #feminismo #paz

38 sem · Ver traducción

Les gusta a alejandro_quinoa y otras personas

8 de abril

Agrega un comentario...

Publicar

11 abril - actividades visita 8 abril



19 abril - peza audiovisual Territorio - parte 5



24 abril - difusión información LB



3 maio - difusión territorio - Parte 6

acpp_galicia

acpp_galicia *Elas Deciden*

Grazas ás compas de @outonia.coop soubemos que o mapa non é o territorio.

Os mapas son representación subxectivas en base a unha necesidade, unha intención concreta.

...

A parte gráfica e emocional do proxecto Elas Deciden nas redes é mérito de @puraquiteria

#ElasDeciden #corpo #territorio #loita

34 sem Ver tradución

puraquiteria

Les gusta a rexenerandocoop y otras personas

3 de mayo

Agrega un comentario...

Publicar

10 maio - difusión territorio - parte 7

acpp_galicia

acpp_galicia *Elas Deciden*

En moitos lugares, defender o #territorio é defender a #vida, aínda que o custe pode ser a propia vida.

...

A parte gráfica e emocional do proxecto Elas Deciden nas redes é mérito de @puraquiteria

#ElasDeciden #corpo #territorio #loita

33 sem Ver tradución

puraquiteria

Responder

Les gusta a minchachi y otras personas

10 de mayo

Agrega un comentario...

Publicar

10 maio - difusión territorio - parte 8

acpp_galicia

acpp_galicia Hoxe é o Día Internacional contra a homofobia, transfobia e bifobia

Escolleuse este día porque o 17 de maio de 1990 a Asemblea Xeral da Organización Mundial da Saúde (OMS) eliminou a homosexualidade da lista de enfermidades mentais.

A pesar de todos os avances, moitas persoas aínda teñen que por o corpo na defensa dos seus dereitos.

En territorios como o noso, tamén segue sendo necesario reforzar o rol da educación para combater os discursos de odio. Como exemplo, o proxecto "Transgredint la norma" que desenvolve as compañeiras da @acpp_cat

...

A parte gráfica e emocional do proxecto Elas Deciden nas redes

Les gusta a minchachi y otras personas

17 de mayo


Agrega un comentario...

Publicar


18 maio - difusión exposición



29 maio - exposición fotos El Salvador



7 xuño - peza PAZ - parte 9



14 xuño - exposición MPG

acpp_galicia

acpp_galicia 🤗🤗

Xa podemos anunciar que o vindeiro xoves 27 de xuño ás 19:00 da tarde, o @museodopobo acóllenos para presentar a exposición:

Elas deciden: mulleres de El Salvador e Galicia tecendo redes

📅 Xoves 27 de xuño
🕒 19:00
📍 Museo do Pobo Galego en Compostela

Esta exposición visibiliza o rol das mulleres na pesca artesanal tanto en El Salvador e Galicia, con máis similitudes das que podemos pensar. Un traballo para o que contamos co apoio de @ciudadaniacoop

Agardámosvos!!
Editado · 28 sem · Ver tradución

Les gusta a feitoriaverde y otras personas
14 de junio

Agrega un comentario...

17 xuño - peza paz - parte 10

puraqueria y acpp_galicia
Original audio

puraqueria Como representar corpos sen representar corpos?

E como representar o territorio e a paz? ☐

Todas estas dúbidas apareceron cando comezamos a deseñar a imaxe gráfica do Elas Deciden da ACPP Galicia aló por setembro

As imaxes teñen moito poder, por iso na comunicación transformadora é preciso pensar todo moi ben desde o minuto 1, pois é moi fácil caer en estereotipos que van en contra da mensaxe que queremos dar

Contámosche como fixemos a parte gráfica e emocional de Corpo, territorio e paz, un proxecto para afianzar redes entre mulleres e organizacións feministas do Sur e do Norte

28 sem · Ver tradución

Para ti

acpp_galicia Grazas por acompañarnos nistoi!

Les gusta a minchachi y otras personas
17 de junio

Agrega un comentario...

25 xuño - difusión inauguración expo foto

acpp_galicia

acpp_galicia *Elas deciden: mulleres de El Salvador e Galicia tecendo redes*

Xa case chega o día de presentarvos ás mulleres do mar de El Salvador e Galicia nesta exposición que fixemos con Cidadanía S. Coop. Galega e con Mulleres Salgadas-Asociación Galega de Mulleres do Mar e as Redeiras de Portosín.

📅 Xoves 27 de xuño
🕒 19:00
📍 Museo do Pobo Galego en Compostela

#elasdeciden #mar #xustizasocial #exposición

26 sem · Ver tradución

docecomercios2sensibilidades 🤗🤗🤗🤗🤗
26 sem · Responder


Les gusta a alejandro_quinoa y otras personas
25 de junio

Agrega un comentario...


26 xuño - difusión espazo reflexión entidades que participan no Elas



4 xullo - difusión inauguración expo



17 xullo - reels exposición



26 setembro - entrevista activistas que viñeron en abril



acpp_galicia y toxio.gal

acpp_galicia

Aproveitando a visita - alá polo mes de abril - de Wendy Castillo e Alba Mejía, dúas activistas feministas de El Salvador e Honduras respectivamente, Nuria e Sergio de @toxio.gal achegáronse á @librariadellilith para conversar con elas.

Esta xira enmarcou no proxecto "Elas Deciden" que conta co apoio financeiro de #cooperaciongalega da #XuntaDeGalicia.

Podedes ver a entrevista completa no Youtube de Toxio (enlace na nosa bio).

Se che gusta máis ler, deixámoche un breve artigo que escribiron Nuria e Sergio sobre este mesmo tema no seu blog: <https://toxio.gal/videoentrevista-feminismo-e-ddhh-en-america-latina/>

#ACPP #mudamosasregas #DereitosHumanos #Honduras #ElSalvador #youtubeengalego #EnRede

13 sem Ver traducción

Les gusta a alejandro_quinoa y otras personas

26 de setembro

Agrega un comentario...

Publicar

27 novembro - expo foto El Salvador



asamblea_acpp y acpp_galicia

asamblea_acpp

Elas deciden: Mujeres del mar tejendo redes

Celebramos el poder transformador de las #mujeres del sector pesquero artesanal en #ElSalvador y #Galicia. A través de una exposición visual y sonora, han compartido experiencias, retos y sueños, demostrando que la distancia no impide tejer redes de sororidad y apoyo.

Imágenes y voces que cuentan historias de #resistencia, trabajo y #esperanza, rompiendo estereotipos y construyendo un futuro más igualitario en un sector históricamente masculinizado.

Descubre más sobre esta iniciativa y déjate inspirar por su fuerza: Lee el artículo completo en nuestro boletín: <http://bit.ly/3OsdU0n>

¡Juntas, ellas deciden y cambian las reglas!

#SomosFeministas #ElasDeciden #CambiamosLasReglas #PescaArtesanal #MujeresDelMar @acpp_galicia


Les gusta a acpp_galicia y otras personas

27 de novembro

Agrega un comentario...

Publicar

12 decembro - expo virtual



acpp_galicia

Original audio

acpp_galicia

Elas deciden: mulleres de El Salvador e Galicia tecendo redes

Pasade ao noso museo virtual!

Convidámoos a ver a exposición "Elas deciden: mulleres do mar de El Salvador e Galicia tecendo redes"

Trátase dunha exposición que recolle a testemuña de mulleres vencelladas á pesca artesanal en Galicia e El Salvador. A exposición, que contou co apoio financeiro da Xunta de Galicia, pretende visibilizar o labor das mulleres e a súa capacidade de iniciativa e participación no sector pesqueiro artesanal, un sector tradicionalmente masculinizado e con sesgos de xénero en canto ao repartimento de tarefas. Tras inaugurarse en xuño no Museo do Pobo Galego, agora pódese ver dende calquera lugar! (Link na bio)

#ACPP #ElasDeciden #mudamosasregas #mar #xustizasocial #exposición

Les gusta a vicentegomezaldea y otras personas

12 de decembro

Agrega un comentario...

Publicar

anexo II

Sistematización das respostas das persoas participantes ao cuestionario da formación "Corpo, territorios de paz: o clown como territorio"

13 respostas

Identidade de xénero

- 11 mulleres cis, 1 muller non binarie e 1 homes cis

3 palabras que expresan a formación

- Risas, Sorrisos, Diversión, Xogo (4), Alegría
- Vulnerabilidade (2), Coidados (2), Emocións, Interdependencia
- Reto, Desafío, Atrevemento, Superación
- Convivencia, Compartir (3), Redes, Conexión
- Explorar, Descubrimento, Reflexión
- Autocoñecemento, explorar o meu corpo e o mundo
- Aprendizaxe (2)
- Sentir, Interactiva
- Terra
- Corpo, Corporal
- Diferente

Que aprendizaxes te levas da formación

- Gran potencial de amosar, expresar e querer a miña vulnerabilidade ou medo e as miñas emocións
- Outras maneiras de habitar o territorio dende o coidado
- Autocoñecemento, saír da zona de confort
- Coñecemento e compartir co grupo
- Poñer o corpo/corporalidade no centro e relacionalo co territorio

- Xerar espazos de disfrute e pracer dende os coidados, a escoita e o xogo colectivo.
- O clown coma un lugar con moito potencial

Valoración do traballo de facilitación

En xeral, valórase de maneira moi positiva. Destacan varios aspectos; tales como o modo en que xerou pontes co clown, os coidados, a empatía e a escoita, a creación dun espazo seguro, a resignificación do sentido da voz, flexibilidade e capacidade de adaptación e a profesionalidade.

A formación contribuíu a xerar aprendizaxes significativas e reflexións críticas

Todas as persoas confirman que a formación contribuíu a xerar aprendizaxes significativas e aprendizaxes críticas.

Destacan as seguintes cuestións: dinámica participativa e experiencial, o vínculo entre reflexións sobre o corpo e o territorio que habitamos, a relación co feminismo decolonial,

Propostas de mellora para a formación

- Máis tempo para a formación (proceso de varias sesións) xerando espazos de convivio e tamén máis tempo para as dinámicas que se desenvolveron (7)

Se fose unha canción...

- A quien le importa de Alaska
- Enamórá de la vida aunque a veces duela
- El niño de Ignacio María Gómez ou Simplemente soy de Ronroneo
- La vida es una tómbola
- A do Moncho
- La Macarena
- Abril, Carral de Lucía Aldao
- Soy yo de Bomba Estereo
- Dont worry, be happy
- La vida es un carnaval
- Disfruto de Carla Morrison

anexo III

Sistematización das respostas do alumnado da UDC participante na xornada “Corpos e territorios en paz”.

Identidade de xénero

- Muller: 16
- Home: 2
- Fluído: 1

O titular do encontro

No cuestionario que cubriu o alumnado universitario que asistiu á xornada convidamos crear un titular que sintetizase o encontro coas activistas. As grandes conclusións que extraemos desta pregunta son as seguintes:

- A gran parte dos titulares apelan á construción de paz a partir da escoita e intercambio de saberes con mulleres de diferentes realidades. Así, conceptos que se repiten neste caso teñen que ver coa paz, multiculturalidade, intercambio, saberes, construción.
- Outra parte dos titulares fan referencia aos conceptos chave: corpo, territorio e paz.
- Algúns dos titulares inclúen o concepto dos feminismos.
- As que menos fan referencia ás historias de vida.

1. Distintas visións pacíficas do que é noso
2. Olladas pola paz nos territorios.
3. Intercambio de saberes sobre paz, territorio e corpo.
4. Xornada sobre corpo, territorio e paz na UDC.
5. Xornada feminista pola paz global e individual, na facultade de ciencias da educación da UDC.
6. Mulleres unidas para lograr a paz.
7. Diálogo sobre a guerra e a discriminación na sociedade actual dende unha perspectiva feminista.
8. A construción da paz en Latinoamérica.
9. Deconstruíndo para construír en rede.
10. Encontro de saberes comunitarios sobre a paz.
11. NS/NC
12. Descubrimos outras realidades e aprendemos como se pode crear paz.
13. É necesario descolonizar.
14. Historias por contar.

15. Atopar a paz no propio corpo e territorio.
16. Creando paz.
17. Encontro multicultural e de accións pola paz na UDC.
18. Paz en distintos ollos.
19. Corpo, territorio e paz a través dos ollos latinoamericanos.

O que máis interesou

A segunda pregunta do cuestionario convidaba a sinalar as cuestións que máis interesaron do encontro. As grandes conclusións son as seguintes:

- ➔ Gran parte das respostas conectan coa escoita e achegamento ás historias de vida das mulleres. Neste senso destacan conceptos como experiencias, vivencias, diferentes visións, realidade, culturas países.
- ➔ Algunhas das respostas poñen énfase no contexto e nas problemáticas das realidades que habitan as compañeiras. Así, en ocasións faise referencia á realidade vinculada cos dereitos sexuais e reprodutivos. Neste plano tamén abren espazo para reflexionar sobre a conexión entre estas historias de vida e os corpos e os territorios.
- ➔ Son as que menos as que fan unha reflexión a maiores: a valía da loita e compromiso das mulleres para construír paz.

1. Coñecer as visións de persoas pertencentes a outras culturas e países sobre a importancia do territorio e dos corpos, xa que as súas experiencias e sentimentos neste eido son diferentes ás nosas.
2. As diferentes visións que pode ter a xente sobre os diferentes conceptos dependendo da realidade na que habita cada persoa.
3. A parte na que se expón sobre os non dereitos sexuais das mulleres. As historias de vida sobre a guerra.
4. Ver as distintas visións que tiñan catro persoas sobre o mesmo tema.
5. As duras historias de vida das poñentes.
6. Ser consciente da diferenza da liberdade que teñen as mulleres latinoamericanas en comparación a España e a cantidade de inxustizas as que se enfrontan.
7. O cambio de perspectiva que hai ao tratarse de mulleres doutro país e doutra idade, e a visión sobre a realidade que elas teñen.
8. Os relatos que contaron sobre as súas historias as mulleres, a súa visión sobre a paz e como se desenvolve no seu país.
9. Escoitar as súas realidades.
10. As percepcións das poñentes sobre a relación do corpo e do territorio.
11. Descubrir as problemáticas que se presentan noutros países os cales tamén nos incumben e inflúen a nós directa ou indirectamente.
12. Escoitar as súas experiencias vividas.
13. A perspectiva decolonial que se explora nunha Universidade de España.

14. As perspectivas que aportaron vividas nos seus países de orixe. As realidades sociais como a guerra ou a LGBTfobia e a vocacións das poñentes ao contalo e loitar por cambialo.
15. As historias de vida das mulleres.
16. A participación e as historias das diversas invitadas.
17. As vivencias das poñentes e o seu traballo.
18. A grande variedade de vivencias.
19. Coñecer a visión das mulleres latinoamericanas do que é a paz e as propias experiencias persoais de cada unha delas nos seus países no ámbito da paz e reconquista de dereitos.

O que se botou de menos na conversa

Outra das cuestións abordadas no formulario foi a identificación daqueles elementos que se botaron en falta. As principais conclusións ao respecto son as seguintes:

- ➔ A meirande parte das respostas falan da contextualización política, cultural, económica... das realidades nos países de procedencia das mulleres. Percíbese que non se describiu un marco previo para facilitar comprender os seus relatos con máis profundidade.

1. As vivencias e o contexto de cada poñente.
2. Realidades actuais en países como os delas, xa que viven realidades moi complexas, sobre todo en El Salvador.
3. Unha maior contextualización sobre elas e sobre o que fan.
4. Do contexto no que viviron as catro participantes.
5. Nada.
6. Nada.
7. Diferentes recursos que se poden empregar para solucionar as problemáticas.
8. De máis experiencias persoais das mulleres latinoamericanas que expuxeron o seu punto de vista.
9. Unha maior contextualización da persoa / territorio.
10. Os seus labores nos seus respectivos países.
11. Todo o aportado foi interesante, o que botei en falta foi a duración, gustaríame que fose máis longa.
12. Falar máis sobre como podemos contribuír a un cambio de paradigma na sociedade actual.
13. Penso que todos os temas da conferencia eran necesarios e creo que mencionaron os importantes.
14. Foi unha charla moi complexa que superou as miñas expectativas.
15. Os inicios da paz, onde creceu o termo, as súas raíces e demais.
16. Un pouco de contexto histórico e social dalgunhas das poñentes.
17. Un pouco de contextualización en cada caso.
18. Un pouco máis das súas experiencias vitais enfrontándose aos conflitos sociais nos seus países.

Aprendizaxes sobre corpos e territorios

No formulario preguntamos sobre as aprendizaxes do encontro. En primeiro lugar naqueles que conectan cos “corpos e territorios”. As principais conclusións son as seguintes:

- ➔ En xeral, todas as persoas destacan a relación entre corpo e territorio. E algunhas delas incorporan a paz na interconexión.
- ➔ Outras persoas fan referencia aos cuidados, toma de consciencia do corpo coma territorio para logo conectalo coa paz. Así, mesmo hai persoas que tamén conectan o plano contrario, coma os conflitos e a guerra ten impacto no corpo e no territorio dende as dúas dimensións.

Destacamos outras respostas que conectan máis conceptos e fían co seu futuro como educadoras:

“Como educadora social debo formarme nesta temática en profundidade para poder promover e realizar programas educativos con enfoque de paz”.

“Hai que sentirse orgullosa do territorio ao que pertencemos, xa que non so é terra delimitada senón o noso fogar, como o noso fogar, debemos coidalo e protexelo cando non se fai, afecta no corpo de diversas formas”.

1. “O corpo como territorio de paz”. O que pasa nun país adoita repercutir ou repetirse noutros e as formas da violencia impactan sobre os corpos en moitos planos: físico, mental, emocional ou espiritual. Estas formas de violencia, expóñense e polo tanto están ligadas cun territorio, o cal depende en parte da nosa identidade e por iso tamén afecta aos nosos corpos.
2. O corpo é o primeiro territorio ao que pertencemos e que defendemos.
3. Noso corpo é noso primeiro territorio.
4. O noso corpo é un dos primeiros territorios nos que vivimos e sobre todo no que debemos estar en paz.
5. Non son conceptos illados, senón ferramentas para a paz.
6. Que están moi relacionados entre eles.
7. Reforzo a ida da impotencia destes e o respecto que ten que haber, cousa que se debería de fomentar desde idades temperás.
8. Existe unha gran diferenza entre como podes tratar ao teu corpo dependendo do territorio que habites.
9. O maior territorio que habitamos é o propio corpo.
10. Prefiro non contestar.
11. Como educadora social debo formarme nesta temática en profundidade para poder promover e realizar programas educativos con enfoque de paz.
12. Dende o noso corpo podemos facer unha chea de cousas sobre o territorio.
13. O noso corpo é o noso primeiro territorio e somos as primeiras en respectalo e protexelo.

14. Hai que sentirse orgullosa do territorio ao que pertencemos, xa que non so é terra delimitada senón o noso fogar, como o noso fogar, debemos coidalo e protexelo cando non se fai, afecta no corpo de diversas formas.
15. Tanto o corpo como o territorio e a paz, están interrelacionados, polo que coidar e respectar o corpo, o territorio e promover a paz son fundamentais para lograr unha vida con harmonía sen conflitos.
16. A importancia que ten aprender ou comprender e relacionar dende o respecto común entre todos.
17. A importancia de manter e coidar paz no teu corpo para poder traballar polo común.
18. Poden existir moitas relacións e poden pensarse de moitas formas diferentes.
19. O primeiro territorio é o noso propio corpo e debemos valoralo, coidalo e loitar polo seu recoñecemento.

Aprendizaxes sobre a relación entre corpos e territorios coa construción de paz

Para finalizar, no cuestionario solicitouse apuntar as aprendizaxes sobre a relación entre corpos, territorios e construción de paz. Neste plano, destacamos as seguintes conclusións:

- ➔ A meirande parte das respostas fan referencia a conexión entre estes tres conceptos, poñendo o foco na construción de paz a partir do noso propio corpo.
- ➔ Algunhas delas poñen énfase no corpo como axente de cambio a partir do que podemos crear accións de construción de paz.



"Iso é importante entender que cada territorio e as persoas que aquí habitan necesitan facer a paz. Hai diversas formas de facer a paz pero a cada persoa lle afecta de modo diferente a guerra".

"Aínda que pareza que non, todo vai enlazado, as experiencias corporais e a relación co entorno inflúen aos procesos para a paz".

1. Iso é importante entender que cada territorio e as persoas que aquí habitan necesitan facer a paz. Hai diversas formas de facer a paz pero a cada persoa lle afecta de modo diferente a guerra.
2. Cos nosos corpos podemos ser axentes de cambio e de paz nos nosos territorios.
3. Que o corpo é o primeiro territorio de paz.
4. Que co noso corpo podemos contribuír a paz nun territorio, ben mobilizándonos, reclamando ou manifestándonos.
5. Que todas e todos podemos contribuír pola paz, aínda que non nos afecte directamente.
6. Que para lograr a construción da paz é fundamental coñecer tanto o noso corpo como o territorio.

7. Aínda que pareza que non, todo vai enlazado, as experiencias corporais e a relación co entorno inflúen aos procesos para a paz.
8. Está moi relacionado e teñen influencia directa entre ambos para o seu desenvolvemento.
9. O corpo é territorio de paz, capaz de xerar paz nos nosos territorios (corpos).
10. Prefiro non contestar.
11. Primeiro temos que querer o noso corpo e a partir de aí podemos crear cousas sobre o territorio co noso corpo para promover a paz.
12. Necesitamos entender cales son os nosos territorios e os nosos dereitos e logo, a partir de aí, protexelos desde a perspectiva de paz.
13. En base ao anterior, debemos facer de corpo esforzo para entendelo e querelo e sentírnos en paz con nós mesmas para poder coidar o territorio.
14. É importante ter unha visión que abarque, coide e respecte todos estes conceptos.
15. A paz fai algo fundamental polo que esta revolución sexa posible.
16. O mesmo que na pregunta anterior.
17. Verdadeiramente existe e que cada unha decide que límite poñerse.
18. A construción da paz comeza nos nosos propios corpos.